

# Pontes de García Rodríguez As - ORDENANZA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Publicación provisional : 22-01-2014 BOP Nº 14 -- Publicación definitiva : 08-04-2014 BOP Nº 67

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección do medio ambiente constitúe hoxe unha preocupación sentida pola xeneralidade dos cidadáns e por todas as esferas da administración pública. En consonancia con este sentir, o artigo 45 da nosa Constitución proclama o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber xenérico de conservalo. Este mesmo artigo sinala tamén a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais, protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

Os servizos de limpeza viaria e recollida e tratamento de residuos son, desde sempre, competencias tradicionais dos municipios que hoxe veñen condicionadas por normas estatais e autonómicas. Ademais da obriga xenérica de prestación sinalada na lexislación de réxime local, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, sinala expresamente que corresponde ás Entidades Locais, "como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que se establezan nas súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso diten as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor" (artigo 12.5.a); así mesmo especifica que "antes do 2015 deberá estar establecida unha recollida separada para, polo menos, os materiais seguintes: papel, metais, plástico e vidro" (artigo 21.3), para o que "as entidades locais poderán elaborar plans de prevención e xestión dos residuos da súa competencia" (artigo 12.5.c).

As responsabilidades mínimas que a Lei 14/1986 xeral de sanidade atribúe ás corporacións locais; así como as competencias que, aos municipios, atribúen a lexislación urbanística estatal e galega, a Lei de protección ambiental de Galicia ou a Lei galega de residuos, son tamén de obrigada referencia para situar o marco competencialhabilitador desta ordenanza.

A Ordenanza Xeral de Limpeza foi dende o ano 2002 o marco normativo regulador en materia de limpeza e recollida de residuos no Concello das Pontes. O longo período transcorrido e os cambios no bloque normativo europeo, estatal –en especial a Lei 22/2011– e autonómico –Lei 10/2008 de residuos de Galicia–, fan necesaria a súa adaptación para reflectir nela un sistema actualizado de protección reforzada do medio ambiente que fomente, por esta orde, a redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización dos residuos.

Por outra banda, faise uso das posibilidades que o artigo 12.5.c da Lei 22/2011 permite ás Entidades

Locais, en relación aos residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias, de modo que sexan xestionados nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores os poidan xestionar por se mesmos nos termos previstos na Lei. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impoñer, de forma motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos ao dito sistema de xestión en determinados supostos.

Reflictese tamén, nesta ordenanza, o réxime regulador do funcionamento do punto limpo como equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de especiais características. O seu obxectivo fundamental é o de poñer a disposición dos cidadáns un espazo para a achega voluntaria de residuos que non poden ser eliminados por medio dos servizos convencionais da recollida de lixo, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou a súa composición (residuos perigosos). No punto limpo sepáranse os distintos residuos segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior. Así, evítase que o seu destino final sexan os vertedoiros de residuos urbanos, a rede de sumidoiros pública ou calquera outro punto de vertido incontrolado, favorecendo a protección e mellora do medio ambiente.

Dentro dos obxectivos perseguidos por esta ordenanza atópase, tamén, o de garantir un espazo público de calidade, o que supón, tanto para a administración como para a cidadanía, adoptar unha actitude corresponsable nas estratexias de recollida e limpeza do municipio, para cuxa experiencia se dotaron novos instrumentos que perseguen facilitar ao cidadán, entre outros, os labores de separación de residuos domésticos e mellorar a recollida selectiva destes.

Como apoio e garantía da aplicación e efectividade da ordenanza, no seu Libro III, baixo o título "Infraccións e sancións" incorporase un réxime sancionador, dotándose de cobertura legal necesaria en materia de potestade sancionadora municipal á ordenación xurídica establecida na Lei 57/2003, do 17 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local. Establécese, por tanto, unha tipificación de infraccións coas súas correspondentes sancións, acorde cos criterios sinalados na citada normativa, cumprindo deste xeito as esixencias derivadas do principio de legalidade.

Neste ámbito, e á vista da regulación contida na Lei 10/2008 respecto das sancións, prevese a posibilidade de que o Concello poida impoñer, como alternativa á multa, e no caso de infracción por abandono ou vertedura de residuos derivados do consumo privado na vía pública e espazos públicos, a realización, con carácter voluntario, dunha prestación persoal de servizos de limpeza na vía pública.

Por último, cómpre destacar a extensión da ordenanza, comprensiva dun total de 111 artigos e unha disposición derogatoria, coa que se pretende

ofrecer unha ordenación detallada que abarque os distintos aspectos da materia obxecto da regulación.

## ÍNDICE

### LIBRO I.-DA XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS

#### TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Residuos domésticos

Artigo 2.-Residuos excluídos

Artigo 3.-Clasificación dos residuos domésticos para os efectos da súa xestión

Artigo 4.-Residuos domésticos ordinarios

Artigo 5.-Residuos domésticos especiais

Artigo 6.-Fraccións dos residuos domésticos ordinarios

Artigo 7.-Clasificación dos residuos domésticos segundo a súa orixe

Artigo 8.-Titularidade dos residuos

Artigo 9.-Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores de residuos

Artigo 10.-Promoción da separación en orixe e recollida selectiva

Artigo 11.-Prohibicións

#### TÍTULO II.-XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS ORDINARIOS

Artigo 12.-Do servizo de recollida de residuos domésticos ordinarios

Artigo 13.-Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

Artigo 14.-Normas de uso dos colectores

Artigo 15.-Normas relativas a medianos e grandes produtores

Artigo 16.-Instalacións fixas para residuos

Artigo 17.-Réxime e horario de prestación do servizo de recollida de residuos domésticos

#### TÍTULO III.-DO APROVEITAMENTO E DA RECOLLIDA SELECTIVA

Artigo 18.-Condicións xerais e ámbito de aplicación

Artigo 19.-Servizo de recollida selectiva

Artigo 20.-Sistemas de separación

Artigo 21.-Obriga da recollida selectiva

Artigo 22.-Colectores

Artigo 23.-Xerarquía na prevención e xestión de residuos

Artigo 24.-Horario de depósito

Artigo 25.-Presentación dos residuos

Artigo 26.-Recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións e edificacións

Artigo 27.-Colectores de uso exclusivo ou particular para residuos domésticos e de pequenos produtores

Artigo 28.-Limpeza e mantemento dos colectores de uso colectivo

Artigo 29.-Operacións que comprende a recollida selectiva

Artigo 30.-Recollida específica de cartón, vidro e porta a porta

Artigo 31.-Outras recollidas específicas de residuos ordinarios

Artigo 32.-Programación de servizos

TÍTULO IV.-XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS ESPECIAIS.

CAPÍTULO I.-VOLUMINOSOS

Artigo 33.-Concepto e clasificación

Artigo 34.-Xestión dos voluminosos

Artigo 35.-Servizo especial de recollida de voluminosos

CAPÍTULO II.-ANIMAIS DOMÉSTICOS MORTOS

Artigo 36.-Inclusións e exclusións

Artigo 37.-Prohibicións e obrigas

Artigo 38.-Xestión dos animais domésticos mortos

CAPÍTULO III.-DOS RESIDUOS DA CONTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

Artigo 39.-Fins

Artigo 40.-Ámbito de aplicación

Artigo 41.-Definicións

Artigo 42.-Fomento dos produtos reciclados

Artigo 43.-Regulación xeral

Artigo 44.-Responsabilidade

Artigo 45.-Prohibicións

CAPÍTULO IV.-OUTROS RESIDUOS ESPECIAIS

Artigo 46.-Residuos de poda e xardinería

Artigo 47.-Pilas usadas

Artigo 48.–Medicamentos especiais

Artigo 49.–Aceites usados

Artigo 50.–Residuos sanitarios

Artigo 51.–Outras tipoloxías de residuos

Artigo 52.–Vehículos abandonados

#### CAPÍTULO V.–CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Artigo 53.–Ampliación do uso público conforme co planeamento urbanístico

#### CAPÍTULO VI.–PUNTO LIMPO

Artigo 54.–Consideracións xerais

Artigo 55.–Residuos admisibles no punto limpo

Artigo 56.–Condicións para a entrega

#### LIBRO II.–DA LIMPEZA VIARIA

##### TÍTULO I.–DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA COMO CONSECUCIÓN DO USO COMÚN XERAL DOS CIDADÁNS

Artigo 57.–Obxecto

Artigo 58.–Cooperación cidadá

Artigo 59.–Obrigatoriedade do cumprimento

Artigo 60.–Subsidiariedade dos traballos de limpeza por parte do Concello.

Artigo 61.–Regra xeral

Artigo 62.–Concepto de vía pública e de mobiliario urbano

Artigo 63.–Espazos e inmobles privados

Artigo 64.–Espazos privados de uso público

Artigo 65.–Usos da vía pública

Artigo 66.–Novas urbanizacións

Artigo 67.–Competencia

Artigo 68.–Prohibicións

Artigo 69.–Necesidade fisiolóxicas

Artigo 70.–Réxime de sancións

##### TÍTULO II.–DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA COMO CONSECUCIÓN DE ACTIVIDADES DIVERSAS

Artigo 71.–Realización de actividades na vía pública

Artigo 72.-Obras e transporte de terras e materiais de construción

Artigo 73.-Limpeza de escaparates, toldos e demais elementos de establecementos comerciais.

Artigo 74.-Quioscos e terrazas

Artigo 75.-Mercados e feiras

Artigo 76.- Talleres e aparcadoiros

Artigo 77.-Actos públicos

Artigo 78.-Horarios para as actividades de limpeza

### TÍTULO III.-LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA EN RELACIÓN COA UTILIZACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS

Artigo 79.-Autorización municipal

Artigo 80.-Definición de elementos publicitarios

Artigo 81.-Requisitos nos elementos publicitarios

Artigo 82.-Prohibicións

Artigo 83.-Supostos exceptuados

Artigo 84.-Requisitos

Artigo 85.-Retirada

### TÍTULO IV.-DAS PINTADAS

Artigo 86.-Prohibicións

### TÍTULO V.-DA DISTRIBUCIÓN DE PANFLETOS E SIMILARES

Artigo 87.-Publicidade escrita

### TÍTULO VI.-DOS TERREOS DE PROPIEDAD PRIVADA

Artigo 88.-Obrigas xenéricas

Artigo 89.-Titularidade

Artigo 90.-Comprobacións

Artigo 91.-Procedemento

Artigo 92.-Da limpeza das zonas próximas ás masas forestais

### TÍTULO VII.-DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 93.-Concepto

Artigo 94.-Obrigas dos propietarios ou posuidores

Artigo 95.-Requirimento da autoridade municipal

Artigo 96.-Limpeza dos animais na vía pública

### LIBRO III.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

#### TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 97.-Responsabilidades

Artigo 98.-Inspeccións

Artigo 99.-Denuncias

Artigo 100.-Réxime sancionador

Artigo 101.-Obrigación de restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria

Artigo 102.-Traballos en beneficio da comunidade

Artigo 103.-Prescrición

#### TÍTULO II.-TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS

Artigo 104.-Infraccións

Artigo 105.-Infraccións leves

Artigo 106.-Infraccións graves

Artigo 107.-Infraccións moi graves

#### TÍTULO III: SANCIÓNS

Artigo 108.-Sancións

Artigo 109.-Gradación das sancións

Artigo 110.-Pagamento das sancións

Artigo 111.-Publicidade

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

## **LIBRO I.-DA XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS**

### **TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS**

ARTIGO 1.-RESIDUOS DOMÉSTICOS.

1.-Son residuos domésticos os producidos no termo municipal e definidos como tales na lexislación vixente, é dicir, os xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas, así como tamén os residuos domésticos similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

Así mesmo, teñen tal consideración:

- Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- Os procedentes de mercados, feiras, festexos ou actos similares.

- Os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- Os mobles e utensilios desbotados (voluminosos).
- Aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas e acumuladores xerados nos domicilios.
- Animais de compañía mortos. Entenderase como animal de compañía os animais que teña no seu poder a persoa humana, sempre que a súa tenza non teña como destino o seu consumo ou aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo en xeral, con fins comerciais ou lucrativos.
- Vehículos abandonados.
- Serán considerados como residuos domésticos aqueles que a lexislación defina como tales en cada momento.

2.-Consonte a lexislación vixente, o Concello das Pontes está obrigado a implantar sistemas de recollida selectiva e a realizar todas as operacións de xestión dos residuos domésticos que inclúen a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos.

3.-Dado o interese sanitario do servizo de recollida de residuos domésticos, declárase obrigatorio o seu uso e recepción, polo que o simple feito de prestarse o servizo nunha rúa, camiño ou zona, suporá a alta nel de todos os seus titulares, arrendatarios ou propietarios das vivendas ou locais que existan na zona.

4.-O Concello porá a disposición dos cidadáns os medios técnicos e humanos que permitan levar a cabo a prestación do servizo de recollida de residuos domésticos, segundo as necesidades da poboación, as posibilidades tecnolóxicas e económicas e os principios de eficacia e eficiencia.

5.-O servizo de recollida de residuos domésticos comprende as seguintes operacións:

- a) Organización xeral do servizo, definindo puntos e modalidades de depósito, rutas, horarios, frecuencias, e todo canto teña que ver coa optimización dos recursos existentes cara ao mellor desenvolvemento do servizo.
- b) Aprobación de técnicas e métodos para a mellor prestación dos servizos.
- c) Instalación e mantemento dos colectores e as infraestruturas precisas para o desenvolvemento do servizo.
- d) Traslado dos residuos dende os puntos de depósito ou acumulación ata a entrega aos xestores autorizados para a súa eliminación.
- e) Mantemento dos equipos e sistemas empregados na prestación do servizo.
- f) Elaboración de padróns, aprobación de taxas e cobro.

## ARTIGO 2.-RESIDUOS EXCLUÍDOS.

1.-Non obstante o sinalado no artigo anterior, ao abeiro da lexislación vixente, e sempre que se trate de residuos distintos aos xerados nos domicilios particulares tanto en cantidade como en calidade, o Concello, poderá, por motivos xustificados, obrigar aos seus produtores ou posuidores a xestionalos por si mesmos.

Así mesmo, poderá obrigar aos posuidores ou produtores a que adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir, na medida do posible, aquelas características que presenten ou que os fagan perigosos ou que dificulten a súa recollida, transporte ou aproveitamento, ou que os depositen en forma e lugar axeitados.

Dados os sistemas de tratamento e valorización adoptados polo Concello das Pontes para o aproveitamento dos residuos municipais, resultan excluídos de todas ou dalgunha das operacións de xestión municipal aqueles residuos municipais de orixe non domiciliaria:



- Aos que non se lles poida aplicar algunha das tecnoloxías e procesos de clasificación, recuperación ou aproveitamento actualmente existentes, sen prexuízo de que se realice unha xestión no futuro en función dos avances técnicos e da súa sustentabilidade económica;

- E aqueles outros que, dado o seu volume ou características, non poidan ser obxecto de recollida por parte dos servizos municipais.

## 2.-Residuos comerciais:

Residuos xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior e ao por menor, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

## 3.-Residuos industriais:

Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á adopción de tantas medidas sexan necesarias para asegurar que o seu transporte, tratamento, eliminación ou, se é o caso, aproveitamento se realice sen risco para as persoas. En consecuencia, estes residuos deberán ser depositados en vertedoiros de seguridade, sendo os propietarios os únicos responsables dos posibles danos ou perdas que poidan ocasionar.

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables aos residuos domésticos e, en xeral, os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

4.-O Concello das Pontes xestionará os residuos comerciais non perigosos e aqueles residuos xerados nas industrias que sexan similares aos xerados nos fogares, consonte á definición de residuos domésticos establecida no artigo 1, nos termos establecidos nesta ordenanza.

## ARTIGO 3.-CLASIFICACIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS PARA OS EFECTOS DA SÚA XESTIÓN.

1.-En atención ao sistema de recollida selectiva implantado no Concello das Pontes, os residuos domésticos divídense en ordinarios e especiais.

2.-En atención á súa orixe, divídense en domiciliarios e non domiciliarios.

## ARTIGO 4.-RESIDUOS DOMÉSTICOS ORDINARIOS.

1.-Son os producidos como consecuencia da normal actividade doméstica no fogar, así como tamén os residuos domésticos similares aos anteriores xerados en servizos e industrias, e os procedentes da limpeza viaria, espazos verdes, áreas recreativas, praias, mercados, feiras, festas e actos similares.

2.-Para a súa recollida e tratamento, estes residuos deberán separarse nas fraccións residuais sinaladas no artigo 6.

## ARTIGO 5.-RESIDUOS DOMÉSTICOS ESPECIAIS.

1.-Constitúen esta categoría aqueles residuos domésticos que, debido á súa composición, cantidade ou volume, características ou natureza, dificulten e imposibiliten a segregación, manipulación ou valorización convencionais, independentemente de cal sexa o lugar da súa orixe. Esixen unha xestión diferenciada porque poden comprometer a recuperación doutras fraccións, ou comportar un risco para o medio ambiente ou para a saúde das persoas.

2.-Deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

a) Que existan plans ou programas de xestión especificamente deseñados para dar unha resposta apropiada ás peculiaridades do residuo en particular.

b) Que, malia non existiren plans ou programas de xestión específicos, se correspondan con residuos de especial significación en atención ao sistema de tratamento implantado para os residuos domésticos no ámbito de Pontes e que a súa xestión non sexa posible a través da súa inclusión nalgunhas das fraccións residuais previstas para os residuos ordinarios.

c) Que a xestión se realice conxuntamente con residuos non pertencentes á categoría dos residuos domésticos e de acordo coa planificación prevista para aqueles.

3.-Atópanse nesta categoría os residuos que cumpren algunha das características do punto anterior independentemente de que consten ou non na seguinte lista, que non ten carácter limitativo:

- Residuos de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
- Mobles e utensilios de liña branca ou marrón.
- Animais domésticos de compañía mortos.
- Vehículos abandonados.
- Pneumáticos.
- Baterías esgotadas.
- Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Aceites usados.
- Cristais planos.
- Palés de madeira.
- Chatarra.
- Alimentos envasados caducados.
- Pilas (inclúe as pilas normais e de botón de calquera composición), acumuladores e baterías.
- Teléfonos móbiles.
- Roupa usada e téxtil en xeral.
- Medicamentos caducados e residuos de envases de medicamentos.
- Envases de produtos fitosanitarios.
- Residuos domésticos catalogados como perigosos do fogar: fluorescentes, radiografías, envases de pintura, vernices, disolventes, aerosois, tónor de impresora, filtros de aceite e outros.

#### ARTIGO 6.-FRACCIÓNS DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS ORDINARIOS.

De acordo con este sistema de recollida implantado para os residuos domésticos en Pontes, os residuos domésticos ordinarios deberán separarse en orixe nas seguintes fraccións residuais para proceder a súa correcta xestión:

1.-Fracción resto: enténdese por tal fracción a dos residuos domésticos que non se engloba en ningunha recollida selectiva. Inclúe, entre outras, restos de alimentos sen envases, carne, peixe, ósos, verduras, compoñentes de celulosa, excrementos de animais domésticos, restos de roupa e xardinería, pelo, e papeis e cartóns impregnados de fluídos orgánicos.

2.-Fracción envases: comprende unha parte da fracción inorgánica dos residuos domésticos e inclúe, entre outros, envases plásticos fabricados con materiais plásticos nas súas diferentes composicións (PEBD, PEAD, PP, PS, PVC, PET, e calquera outro), latas, briks, metais, chapas, bolsas, botellas que non sexan de vidro e as tapas metálicas dos frascos. Quedan exceptuados outros elementos como poden ser aerosois, xoguetes, pequenos electrodomésticos, biberóns, luvas de goma, peites, cepillos de dentes, cazolas, tixolas e demais útiles de menaxe e en xeral outros

elementos similares que se podan determinar por analogía a estes supostos excluídos.

3.-Papel e cartón: comprende, entre outros, o papel impreso de xornais e revistas, o papel, caixas, envases e embalaxes compostos por estes materiais. Non se inclúen nesta fracción os papeis de celulosa de uso sanitario.

4.-Vidro: inclúe os residuos de envases deste material, tales como botellas, tarros, botes e outros, todos eles baleiros e sen tapas, cortizas ou tapóns. Non se inclúen nesta fracción os cristais planos, espellos e cerámica.

#### ARTIGO 7.-CLASIFICACIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS SEGUNDO A SÚA ORIXE.

1.-Atendendo ao seu lugar de xeración e para os efectos desta ordenanza, os residuos domésticos divídense en domiciliarios e non domiciliarios.

2.-Domiciliarios: pertencen a este grupo os residuos xerados nos fogares e domicilios particulares. Diferéncianse os seguintes fluxos de residuos:

a) A habitual bolsa de lixo, resultado da normal actividade doméstica, separada nas distintas fraccións ás que alude o artigo anterior.

b) Os mobles e utensilios domésticos de liña branca e de liña marrón.

c) Os animais domésticos de compañía mortos.

d) Calquera outra fracción de orixe doméstica catalogada como residuo doméstico especial segundo o previsto no artigo 5.

3.-Non domiciliarios. Son aqueles residuos domésticos que foron xerados en calquera outro lugar distinto ao fogar ou domicilio particular. Divídense en:

3.1. Comerciais: os residuos xerados en comercios, oficinas, e servizos, similares aos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

3.2. Os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas, praias, mercados, feiras, festas ou actos similares.

3.3. Os residuos xerados en industrias similares aos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas, e non sexan consecuencia directa dun proceso industrial de produción ou transformación nin sexan catalogados como perigosos pola lexislación vixente.

4.-Con carácter xeral, os residuos de orixe domiciliaria proceden das actividades normais da vida da comunidade, preséntanse en dimensións manexables e deposítanse nos colectores normalizados existentes na vía pública de uso colectivo.

#### ARTIGO 8.-TITULARIDADE DOS RESIDUOS.

1.-Para todos os efectos, os residuos domésticos terán sempre un titular responsable, calidade que corresponderá ao seu produtor, posuidor ou xestor.

2.-Unha vez entregados os residuos para a súa xestión consonte as prescricións contidas nesta ordenanza e na demais normativa aplicable, o Concello adquire a propiedade sobre eles e os produtores, posuidores ou xestores quedan exentos de responsabilidade polos danos que estes residuos puidesen causar.

3.-Da recepción dos residuos domésticos só se fará cargo o persoal adicado á súa recollida. quen entregue estes residuos a calquera outra persoa física ou xurídica deberá responder solidariamente con esta por calquera prexuízo que se xere a causa deles, independentemente das sancións ás que dese lugar.

4.-Os residuos domésticos, agás autorización expresa, non se lles entregarán aos prestadores do Servizo de Limpeza Viaria. O persoal deste servizo tampouco poderá facerse cargo dos residuos

domésticos, a excepción dos que o seu mesmo traballo require.

#### ARTIGO 9.-OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS PRODUTORES OU POSUIDORES DE RESIDUOS.

1.-Os produtores ou posuidores de residuos domésticos cuxa xestión obrigatoria corresponda ao Concello están obrigados a poñelos ao seu dispor para proceder ao seu reciclado, valorización ou eliminación, nas condicións determinadas pola lexislación vixente en xeral, e nas reguladas na presente ordenanza en particular, así como ao pagamento das correspondentes taxas ou doutros tributos consonte as correspondentes ordenanzas fiscais.

2.-O Concello realizará as operacións de xestión a través de empresas concesionarias ou de calquera outra forma de xestión dos servizos.

3.-Mentres se atopan no seu poder, os posuidores de residuos domésticos están obrigados a almacenalos nas debidas condicións de seguridade e hixiene, sen que supoñan ningún perigo nin produzan molestias, cheiros, insectos, lixiviados, dispersión ou calquera outra causa, cumprindo coa lexislación sanitaria correspondente.

4.-O Concello quedará exento de responsabilidade polos danos que poidan causar os residuos no caso que na súa entrega non se observasen as especificacións recollidas na presente ordenanza e demais normas legais.

5.-Coa previa autorización do Concello, os residuos poderán ser entregados a un xestor autorizado ou rexistrado, para o seu posterior reciclado, valorización ou eliminación.

6.-Para os efectos da súa correcta xestión e, se é o caso, para a recollida selectiva, os produtores ou posuidores de residuos domésticos deberán separar en orixe as fraccións residuais sinaladas no artigo 6 e os residuos especiais aos que se alude no artigo 5.

7.-Os posuidores de residuos domésticos cuxa xestión obrigatoria corresponda ao Concello que os entreguen a un terceiro non autorizado por este serán responsables solidarios con ese terceiro de calquera prexuízo que puidese derivarse. Así mesmo, responderá solidariamente das sancións que se poidan impoñer.

8.-Dos danos que se produzan nas distintas operacións de xestión como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos, ou de falta de información sobre as características dos produtos entregados, será responsable o produtor ou o axente que faga a entrega. Os produtores ou posuidores de residuos que, polas súas características especiais, poden producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, estarán obrigados a proporcionarlle ó Concello unha información detallada sobre a súa orixe, cantidade e características.

9.-Sen prexuízo do exposto no punto anterior, cando o Concello considere que os residuos domésticos presentan características que os fagan perigosos (definidos no artigo 3e., da Lei 22/2011), ou que dificulten a súa recollida, transporte, valorización ou eliminación, poderán obrigar ao seu produtor ou posuidor a que, previamente a súa recollida, adopte as medidas necesarias para eliminar ou reducir, na medida do posible, as ditas características, ou a que os depositen na forma e lugar axeitados.

#### ARTIGO 10.-PROMOCIÓN DA SEPARACIÓN EN ORIXE E RECOLLIDA SELECTIVA.

1.-O Concello promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos domésticos mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

2.-Así mesmo, o Concello elaborará guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.

3.-O Concello promoverá o consumo de produtos fabricados con materiais reutilizables e fomentaraos así mesmo na contratación pública de obras e subministracións.

#### ARTIGO 11.-PROHIBICIÓNS.

Prohíbese expresamente:

- a) Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos en espazos públicos, marxes dos ríos, calzadas, camiños ou soares públicos e privados, de xeito incontrolado e con incumprimento das normas previstas nesta ordenanza.
- b) Situar vehículos ou outros elementos diante dos colectores situados na vía pública ou de xeito que se impida a súa recollida polos operarios do servizo.
- c) Mover ou trasladar os colectores da súa localización ou manipular os elementos de suxeición destes.
- d) Manipular os residuos despois de que se depositaran nos colectores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realice directamente sobre ela (recollida de voluminosos, porta a porta de cartón comercial, etc.) ou romper ou abrir as bolsas de lixo, así como calquera outro acto que poida motivar a caída e diseminación de residuos pola vía pública.
- e) Evacuar residuos na rede de sumidoiros ou no da canle pública, así como instalar trituradoras de residuos conectados á rede de saneamento.
- f) Verter aceites ou outros líquidos de motor, así como pinturas, disolventes, vernices, combustibles líquidos, ou similares á rede de saneamento.
- g) Incinerar residuos en todo o territorio municipal, coa excepción daquelas instalacións ou eventos autorizados. Non estarán permitidos os crematorios ou incineradores domésticos.

## **TÍTULO II.-XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS ORDINARIOS**

### ARTIGO 12.-DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS ORDINARIOS

Produtores de residuos sólidos:

1. Considérase produtora de residuos calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos, excluída a derivada do consumo doméstico, ou que efectúe, logo de autorización, operación de tratamento previo, de mestura ou doutro tipo que ocasionen un cambio de natureza ou de composición deses residuos. Para a prestación do servizo municipal de recollida de residuos domésticos consideraranse as seguintes tipoloxías de produtores:
  - a. Considéranse pequenos produtores de residuos os que os produzan en cantidade inferior aos 120 litros/día.
  - b. Considéranse medianos produtores de residuos aqueles que os produzan en cantidade superior a 120 litros/día e ata 360 litros/día.
  - c. Considéranse grandes produtores de residuos aqueles que os produzan en cantidade superior a 360 litros/día (por exemplo, residuos non domiciliarios de orixe comercial, como grandes superficies, supermercados, establecementos de hostalaría...)
2. Se un produtor ou posuidor de residuos domésticos, ocasionalmente, tivese que desprenderse deles en cantidades moito maiores que as habituais, conservará a consideración de produtor que lle correspondese pola súa produción habitual, se ben deberá poñelo en coñecemento do servizo, que determinará as actuacións a levar a cabo. Neste caso, poderá ser repercutido ao usuario o custo que supoña facer fronte á recollida extraordinaria.

### ARTIGO 13.-SISTEMA DE RECOLLIDA EN COLECTORES DE USO COLECTIVO.

1.-Para proceder á recollida das distintas fraccións de residuos ordinarios domiciliarios e de pequenos, medianos e grandes produtores será obrigatorio o seu previo depósito en colectores de uso colectivo situados na vía pública. Cada fracción deberá depositarse nos colectores específicos destinados para tal fin tal e como se dispón no punto seguinte.

2.-A tipoloxía de colectores na vía pública para cada tipo de fracción será a seguinte:

2.a) Colectores na vía pública específicos para as fraccións resto:

Colector verde ou beixe con tapa verde ou colectores soterrados co indicativo correspondente.

2.b) Colectores na vía pública para as fraccións de papel-cartón, vidro, envases e pilas:

Colector azul ou con distintivo azul para o papel-cartón (modelos de superficie ou soterrados).

Colector verde ou con distintivo verde para o vidro (modelos de superficie ou soterrados).

Colectores de corpo amarelo con tapa amarela para envases (modelos de superficie ou soterrados).

3.-Sen prexuízo do sinalado neste artigo, o Concello, atendendo a circunstancias urbanísticas, de minimización do impacto visual ou organizativas, poderá articular outros sistemas de recollida de residuos para as fraccións sinaladas segundo as zonas concretas da vila, os cales poderán basearse en colectores soterrados ou outros sistemas de recollida. Unha vez implantados, estes sistemas adquirirán a condición de servizo de utilización obrigatoria para os veciños nos lugares que se implanten. O Concello ditará as normas complementarias a esta ordenanza que sexan precisas para regular as condicións nas que se prestará este servizo e nas que o usuario utilizará estes sistemas.

4.-Así mesmo, o Concello poderá ampliar a tipoloxía de colectores sinalada neste mesmo artigo e situar os denominados "puntos limpos" para a separación en orixe e depósito doutras fraccións específicas de residuos ordinarios ou especiais.

5.-En ningún caso nin baixo ningún pretexto se deben entregar os residuos ao persoal encargado do varrido e rego das rúas.

#### ARTIGO 14.-NORMAS DE USO DOS COLECTORES.

1.-En relación co uso de colectores para a recollida de residuos domésticos establécese que:

a) A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriedade no tipo de recipiente normalizado que, en cada caso, sinale o Concello, de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou vía pública e coa planificación feita para a recollida e transporte polo servizo municipal competente.

b) Utilizaranse os colectores máis achegados ao lugar de produción. Se un colector se atopase cheo, os residuos depositaranse no colector máis próximo para idéntica fracción de residuos, evitando os desbordamentos.

c) En xeral, os residuos de gran tamaño partiranse ou dobraranse para que ocupen o menor volume posible antes de depositalos no colector correspondente.

d) O Servizo Municipal de Limpeza depositará os residuos procedentes da limpeza manual de rúas e do baleirado de papeleiras no colector de restos.

e) Cumprirase cos horarios de depósito establecidos nesta ordenanza.

f) Deberase pechar a tapa do colector logo de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou animais.

g) Os usuarios entregaranlle os residuos ao servizo de recollida en condicións tales que non se produzan vertidos accidentais durante esta operación. De producirse o usuario causante será o responsable da sucidade ocasionada na vía pública. Así mesmo prohibese o libramento de residuos que conteñan líquidos ou materiais susceptibles de licuarse.

2.-Queda expresamente prohibido:

a) Depositar bolsas ou residuos soltos fóra do colector ou na vía pública. Os residuos soltos de escasa entidade depositaranse nas papeleiras.

b) Depositar residuos ordinarios sen os separar nas correspondentes fraccións, en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos na vía pública para outra clase de residuos (obras, etc.).

c) Depositar residuos ordinarios nos colectores non homologados polo Concello.

d) Depositar residuos en colectores asignados a uso exclusivo, agás polo seu titular.

e) Introducir nos colectores residuos voluminosos do fogar, animais de compañía mortos, residuos de construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos ao colector.

f) Depositar nos colectores situados na vía pública algún dos residuos definidos como especiais no artigo 5 desta ordenanza.

g) Depositar residuos líquidos ou susceptibles de se licuaren así como aqueles que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública. Do mesmo xeito, depositar materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos ou perigosos.

h) Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, agás no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida comercial.

i) Depositar residuos da fracción resto ou envases sen bolsa nos colectores, no interior de caixas ou paquetes ou a granel.

3.-A definición e, de ser o caso, normalización do tipo de colectores, o número de unidades a empregar en cada zona e a súa localización será fixada polo propio Concello, tendo como premisa que entre os colectores e os domicilios ou lugares de produción exista a menor distancia posible atendendo sempre ás características urbanísticas, paisaxísticas e de poboación de cada zona, así como á operatividade dos servizos de recollida. Os colectores localizaranse segundo puntos ou áreas estratéxicas de achega, que poderán estar compostas por varias unidades das diferentes tipoloxías para o depósito das correspondentes fraccións en función da poboación a que afecten. A súa situación realizarase de tal xeito que, sen alterar en exceso a estética do contorno, non dificulten o tráfico nin as manobras de aparcamento dos vehículos, ocupando a mínima superficie posible.

4.-Se nalgún momento o Concello decidise a utilización doutro tipo de colectores, o número de unidades a empregar en cada zona e a súa localización será fixada polo propio Concello.

5.-O Concello poderá establecer pasaxes e reservas especiais do espazo urbano para a carga e descarga, e demais operacións precisas para a correcta conservación dos colectores.

6.-O Concello poderá ceder en uso colectores de lixo en determinadas circunstancias ou para determinados sectores de actividade. Nas zonas ou sectores onde a recollida se faga mediante recipientes cedidos en uso polo Concello, os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservarlos e mantelos en axeitadas condicións de hixiene e seguridade coa dilixencia que o Código Civil lle esixe ao usufrutuario de bens alleos, sendo responsables da deterioración que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa, negligencia ou imprudencia.

7.-Os servizos correspondentes farán a limpeza periódica dos colectores en función da súa conservación, e para o mantemento das debidas condicións de hixiene.

8.-Nas edificacións con accesos a patios interiores ou nas rúas nas que non teñan acceso os vehículos establecidos do servizo, colocaranse os recipientes, debidamente agrupados, no punto máis próximo polo que discorran os camións do servizo.

9.-As persoas usuarias teñen a obriga de conservar e manter os colectores en axeitadas condicións de hixiene e seguridade, e son responsables da deterioración que os recipientes poidan sufrir pola súa culpa, negligencia ou imprudencia. A mesma obriga establécese para as barras protectoras, pivotes, barrotes, e marcas fixas das zonas de recollida.

10.-Queda prohibido desprazar do lugar establecido os colectores para cambialos de sitio, así coma calquera manipulación neles que puidese dar orixe a situacións perigosas ou que dificulten a

recollida por parte do persoal do servizo correspondente.

11.-Queda prohibida calquera actuación que deteriore o colector ou as zonas de recollida.

12.-As obrigas e responsabilidades devanditas poden supoñer a imputación das cargas correspondentes, sen prexuízo das sancións a que puidese dar lugar.

#### ARTIGO 15.-CONSIDERACIÓNS RELATIVAS A MEDIANOS E GRANDES PRODUTORES.

1.-Todos os medianos e grandes produtores de residuos domésticos están obrigados a adoptar cantas medidas sexan precisas para reducir ao máximo o seu volume e para asegurar que o seu transporte e tratamento final se faga de acordo con esta ordenanza e demais normativa vixente, cumpríndose sempre todos os requisitos de seguridade e hixiene.

2.-Cando o volume de residuos producido exceda os 3.000 litros/día o Concello poderá esixir o uso de compactadores estáticos, que serán achegados polo produtor seguindo as indicacións do Concello no relativo a aspectos dos aparellos que poidan condicionar os equipos de recollida.

3.-Os medianos e grandes produtores ou posuidores de residuos domésticos do municipio poderán ser excluídos do servizo xeral de recollida cando a súa situación, composición, ou cantidade de residuos xerados supoñan unha perda de eficacia dos medios dispoñibles. Neste caso poderase implementar un servizo municipal de recollida específico, ou ben, co previo acordo cos produtores ou posuidores, o Concello poderá autorizarlles a xestión dos residuos producidos polos seus propios medios, mediante xestores autorizados, ou establecerse outras alternativas.

4.-Os equipamentos municipais poderán rexeitar a recepción daqueles materiais residuais que non cumpran, pola súa natureza ou forma de presentación, as esixencias que se houberan establecido respecto á súa recepción.

5.-A utilización das instalacións municipais de recollida de residuos farase de acordo coas normas que en cada caso se establezan.

6.-Toda solicitude de colectores levará emparellado un estudo da inspección municipal relativo ao volume de residuos xerados pola actividade de que se trate co fin de autorizar os colectores adecuados e de evitar a súa presenza indiscriminada na vía pública. Do resultado do estudo poderá concluírse a necesidade de agrupamento de colectores para varias actividades ou a necesidade de limitar ou ampliar o número máximo sinalado en atención ás circunstancias urbanísticas da zona ou ás peculiaridades da actividade de que se trate.

7.-Por causas debidamente xustificadas, ou en virtude de convenios de colaboración específicos, o Concello poderá acordar outros horarios de recollida distintos do horario ordinario, como é o caso dos supermercados ou grandes superficies comerciais.

8.-Os grandes produtores de residuos non domiciliarios de orixe comercial deberán permitir ao servizo municipal de recollida o acceso aos seus recintos de colectores para realizar a recollida, se fose necesario.

#### ARTIGO 16.-INSTALACIÓNS FIXAS PARA RESIDUOS.

##### Locais para a recollida de residuos

1.-Aquelas vivendas ou edificios de vivendas (vivendas, industrias, comercios, centros sanitarios e demais establecementos) que dispoñan dun cuarto de lixo poderano dedicar ao almacenamento dos residuos producidos a diario.

2.-O depósito de residuos nestes locais farase de xeito exclusivo e utilizando elementos de contención axeitados á normativa sanitaria ou sectorial que proceda. O espazo para lixo e os elementos de contención dedicados á acumulación destes deberán manterse en perfectas condicións de hixiene e limpeza.

3.-Será responsabilidade do produtor de residuos o traslado ás horas establecidas dos recipientes aos puntos habilitados polo Concello para a recollida. A entrega dos residuos nestes casos farase mediante colectores normalizados axeitados ás características dos camións de recollida. O local, os



colectores e, de ser o caso, os compactadores, estarán totalmente a cargo do establecemento.

#### ARTIGO 17.-RÉXIME E HORARIO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOMÉSTICOS.

##### 1.-Frecuencia e horario para a recollida domiciliaria ordinaria:

A frecuencia para a recollida domiciliaria ordinaria será a que se considere máis idónea para os intereses do Concello; a Alcaldía fará pública as frecuencias e horarios de recollida. O horario de recollida da fracción resto farase en horario nocturno, a partir das 24.00 horas. Naquelas zonas e lugares máis afastados do núcleo e con menor densidade de poboación, así como naquelas que así se definan por circunstancias técnicas ou organizativas, a recollida efectuarase coa frecuencia e no horario que en cada caso se estableza.

##### 2.-Frecuencia e horario para os sistemas de recollida específicos:

En sistemas de recollida específicos, o horario será determinado polo Concello a prol da eficiencia e eficacia do servizo. O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

A recollida das fraccións de papel/cartón e vidro realizarase antes de que os colectores se enchen por completo, sendo o Concello ou, no seu caso, a empresa concesionaria a responsable de programar a recollida en función das necesidades; se o servizo o prestara unha empresa concesionaria a recollida será supervisada por técnicos municipais.

3.-Non obstante o anterior, o Concello poderá variar a frecuencia de recollida cando así o permita ou o aconselle o desenvolvemento do servizo e fará público coa suficiente antelación calquera cambio no horario, a forma ou a frecuencia de prestación do servizo, con excepción das disposicións que dite a autoridade municipal competente en situación de emerxencia.

4.-Naqueles casos considerados coma emerxencia ou de forza maior nos que non sexa posible prestar o servizo normal de recollida e previa comunicación municipal, os usuarios absteranse, no posible, de depositar os seus residuos nos puntos de recollida ata que se normalice o servizo, ou ata que o Concello dite as instrucións oportunas.

### **TÍTULO III.-DO APROVEITAMENTO E DA RECOLLIDA SELECTIVA**

#### ARTIGO 18.-CONDICIÓNS XERAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.-Para os efectos da presente ordenanza, considerarase recollida selectiva ao libramento por separado dunha ou máis fraccións dos residuos domésticos. É obriga do Concello informar á poboación das características aplicables á recollida de cada fracción. A recollida selectiva é un servizo municipal de prestación obrigatoria e será realizado polo Concello de forma directa ou a través de empresa concesionaria; en ambos casos, utilizaranse os medios adecuados para garantir a recollida óptima e segregada de cada unha das fraccións depositadas selectivamente pola cidadanía. Están facultados para levar a cabo a recollida de residuos domésticos, o Concello de Pontes, sexa cal sexa o sistema de xestión elixido, e aqueles xestores de residuos que sexan autorizados expresamente polo Concello. Prohíbese que calquera outra persoa, física ou xurídica, leve a cabo operación de recollida de residuos domésticos.

2.-A recollida selectiva poderana levar a cabo directamente os servizos municipais, ou terceiros previamente autorizados polo Concello.

3.-No caso de seren establecidos programas concretos de recollida selectiva polos servizos municipais, os cidadáns coidarán de prestar a tales programas a cooperación precisa segundo as instrucións municipais, e será obrigatoria a deposición de cada residuo no sistema específico de recollida axeitado ao mesmo. Será obxecto de sanción a entrega aos servizos de recollida de residuos distintos aos sinalados para cada sistema e así mesmo, o depósito dos residuos en colectores distintos aos expresamente sinalados en cada caso polo servizo municipal. Os servizos municipais interpretarán en caso de dúbida e determinarán en consecuencia a aceptabilidade ou non dos residuos en cada sistema.

4.-O Concello fomentará a sinatura de convenios de colaboración con sectores de actividade representativos e grandes produtores co fin de conseguir unha óptima xestión dos residuos

municipais.

5.–Os posuidores de residuos municipais poderán organizar sistemas propios de xestión promovidos, aprobados ou autorizados pola Administración municipal.

6.–O Concello poderá, adicionalmente, prestar o servizo de recollida, tratamento e eliminación para residuos cuxa recollida non sexa unha prestación obrigatoria súa, previa solicitude motivada, e debendo ser asumido o custo da intervención pola persoa interesada.

7.–O Concello ou, no seu caso, as empresas concesionarias do servizo poderán utilizar mecanismos para determinar a cantidade e adecuada segregación dos residuos por parte dos usuarios, como sistemas de pesado ou inspeccións insitu.

#### ARTIGO 19.–SERVIZO DE RECOLLIDA SELECTIVA.

Co fin de acadar as maiores cotas de reciclaxe para as fraccións e achegar as infraestruturas de recollida á cidadanía

e co fin de facilitar a separación en orixe o Concello, por si mesmo ou en colaboración con outras entidades, completará o ciclo de recuperación e reciclaxe dos residuos, establecendo o servizo de recollida selectiva, como mínimo das seguintes fraccións:

- a) Papel e cartón
- b) Vidro
- c) Envases
- d) Pilas
- e) Aceite vexetal usado

#### ARTIGO 20.–SISTEMAS DE SEPARACIÓN.

1.–Establécense os seguintes sistemas diferenciados de recollida selectiva:

##### a) Papel:

I. Colectores de gran capacidade en área de depósito. Salvo disposición en contra, os cidadáns deberán introducir os residuos convenientemente pregados nos colectores.

II. Recollida de papel porta a porta: Neste sistema, o servizo municipal facilitará a recollida diferenciada deste residuo, achegando o servizo aos puntos de produción. Establecerase este sistema de depósito para aqueles sectores nos que se produzan importantes achegas deste material, e, en xeral, nas zonas e sectores que o Concello determine.

##### b) Vidro:

I. Colectores de gran capacidade en áreas de depósito.

II. Recollida de vidro porta a porta: Neste sistema, o servizo municipal facilitará a recollida diferenciada deste residuo achegando o servizo aos puntos de produción. Establecerase este sistema de depósito naqueles sectores ou zonas nas que se dea unha produción importante desta fracción, e, en xeral, cando o Concello determine.

##### c) Pilas:

I. Depósitos en locais, públicos ou privados.

II. Colectores instalados na vía pública.

d) Envases:

I. Colectores amarelos de pequena capacidade e tapa pechada en beirarrúa.

e) Aceite:

I. colectores instalados na rúa

II. depósitos en locais públicos e privados.

2.-O Concello informará oportunamente á poboación afectada das condicións de prestación do servizo, así como das

que cumprirán os cidadáns para a presentación dos residuos, puntos de depósito e todos aqueles detalles que describan o servizo aos cidadáns.

3.-No caso de grandes produtores, o Concello poderá establecer a obriga de instalación, a cargo da persoa interesada, de infraestruturas que faciliten o servizo da recollida.

ARTIGO 21.-OBRIGA DA RECOLLIDA SELECTIVA.

1.-Como norma xeral, a partir do momento no que se estableza unha recollida selectiva diferenciada de certos tipos de residuos queda prohibido o vertido dos materiais pertencentes á fracción de maneira non separativa.

2.-Non obstante o anterior, o Concello, atendendo ás especiais dificultades derivadas da separación para un sector ou ás circunstancias específicas, poderá eximir do cumprimento do establecido no apartado anterior a cidadáns determinados ou a grupos de poboación.

ARTIGO 22.-COLECTORES.

1.-Os colectores instalados para recollida selectiva quedan exclusivamente reservados para a prestación deste servizo.

2.-Por razóns de salubridade, hixiene e limpeza, prohíbese o depósito de materiais fóra dos colectores e xunto a eles aínda sendo o material específico que recolle cada colector, salvo que, sendo inocua a natureza dos residuos, así determine o Concello, segundo as características do servizo que se preste.

ARTIGO 23.-XERARQUÍA NA PREVENCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS.

1.-O Concello promoverá entre a cidadanía patróns de consumo responsables que favorezan a redución en orixe dos residuos (prevención), e propiciará e fomentará a preparación para a reutilización, e a recollida selectiva, a separación e a reciclaxe co obxecto de acadar a valorización axeitada dos residuos, antes da súa eliminación.

2.-O Concello obrigarase a desenvolver, de xeito periódico campañas de formación e concienciación que inclúan actuacións que incentiven a participación e a toma de responsabilidades pola cidadanía e os diversos axentes sociais. O Concello buscará a complicidade e colaboración da cidadanía, tanto das persoas a título individual como das diversas entidades sociais para acadar o obxectivo de mudar as actitudes e hábitos sociais.

ARTIGO 24.-HORARIO DE DEPÓSITO.

1.-O horario de depósito dos residuos adaptarase aos sistemas específicos que para a recollida de cada fracción ou zona puidese determinar o Concello.

2.-A falta de determinacións específicas, no caso xeral, establécese o horario de depósito, que dependendo da fracción será:

a) Papel-cartón, bolsa amarela ou pilas: sen horario.

b) Vidro: dende as 09.00 e ata as 22.00 horas (co fin de evitar a xeración de ruídos molestos en horas nocturnas).

c) Fracción resto: entre as 20.00 horas e as 23.00 horas nos días que se determine.

#### ARTIGO 25.-PRESENTACIÓN DOS RESIDUOS.

1.-Os residuos das fraccións restos e envases depositaranse nos colectores en bolsas debidamente pechadas e consistentes, co fin de evitar a súa dispersión e os vertidos á vía pública así como os danos ou feridas ao persoal que os manexe.

2.-Os residuos das fraccións de papel-cartón, vidro e pilas deberán depositarse unitariamente e sen bolsa nos colectores dispostos para tal fin ou nos puntos de entrega determinados. O papel-cartón depositarase pregado ou dobrado e os envases de vidro baleiros e sen tapas. As pilas depositaranse unitariamente sen bolsa nos colectores dispostos para tal fin.

#### ARTIGO 26.-RECOLLIDA DE RESIDUOS E LOCALIZACIÓN DE COLECTORES EN NOVAS URBANIZACIÓNS E EDIFICACIÓNS.

1.-Nas novas urbanizacións non se situarán colectores nas vías públicas para a súa recollida polo servizo municipal, nin se recollerán os residuos municipais ordinarios, ata que non se acredite a obtención da correspondente acta de recepción da urbanización. Esta mesma regra será de aplicación para as edificacións que substitúan antigos inmobles no casco urbano consolidado e incrementen en máis dun 100% o número de ocupantes respecto á vivenda precedente.

Ata que non se acrediten os mencionados documentos, a xestión de residuos correrá por conta do titular da obra.

2.-En todo caso, e para os efectos da correcta e axeitada planificación do servizo, deberán someterse a informe do Concello os proxectos e licenzas de urbanización co fin de que se poida definir a correcta localización de colectores e o número e tipoloxía dos que deberán situarse, a necesidade ou non de realizar entrantes nas calzadas ou, se é o caso, a posible adopción doutros sistemas de colocación de colectores na vía pública máis adaptados e integrados na urbanística do contorno co fin de minimizar o seu impacto visual.

Nas correspondentes licenzas urbanísticas poderá obrigarse aos titulares á realización pola súa costa das obras correspondentes e á adquisición dos colectores. En caso de novos edificios que substitúan outros anteriores, os colectores serán sufragados polo Concello.

#### ARTIGO 27.-COLECTORES DE USO EXCLUSIVO OU PARTICULAR PARA RESIDUOS DOMICILIARIOS E DE PEQUENOS PRODUTORES.

Nos barrios ou zonas da vila que así se determine debido ás súas características particulares, como vivendas unifamiliares, ou debido ás características de certo tipo de actividades polos seus horarios, atención continuada, etc., o Concello poderá organizar outros sistemas de recollida tales como a utilización de colectores de uso exclusivo ou particular e para todas ou algunhas das fraccións dos residuos ordinarios.

#### ARTIGO 28.-LIMPEZA E MANTEMENTO DOS COLECTORES DE USO COLECTIVO.

1.-O Concello realizará os labores de limpeza, conservación e mantemento dos colectores de uso colectivo, dos seus elementos de suxeición e dos espazos que ocupan, xa directamente ou a través das correspondentes empresas concesionarias. A empresa concesionaria do servizo lavará, desincrustará e desinfectará periodicamente os colectores de uso colectivo, co fin de eliminar a sucidade das estruturas e os malos olores. Procederáse, tamén regularmente, á eliminación da publicidade e as pintadas.

2.-Nos casos demostrados de fin de vida útil dos elementos ou desaparición, falta ou deterioro grave dalgún deles -como rodas, tapas ou suxeicións- serán repostos coa maior brevidade posible por parte do Concello.

#### ARTIGO 29.-OPERACIÓNS QUE COMPRENDE A RECOLLIDA SELECTIVA.

O servizo municipal de recollida selectiva comprende as seguintes actuacións:

- a) Recollida, traslado e baleirado dos colectores de cada fracción en vehículos de recollida.
- b) Devolución dos colectores, unha vez baleirados, aos puntos orixinais, debidamente colocados, coa apertura da tapa cara ao o interior da beirarrúa e debidamente suxeitados ou ancorados.
- c) Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións e limpeza desta de ser necesario.
- d) Transporte e descarga dos residuos na Planta de Transferencia de Residuos de Narón ou no lugar ou instalación designada polo Concello.

#### ARTIGO 30.-RECOLLIDA ESPECÍFICA DE CARTÓN E VIDRO PORTA A PORTA.

Co fin de alcanzar as maiores cotas de reciclaxe para as fraccións de papel-cartón e vidro e achegar as infraestruturas de recollida á cidadanía, e co fin de facilitar a separación de orixe, o Concello poderá dispoñer das seguintes modalidades de recollida:

##### 1.-Recollida de cartón comercial.

Os establecementos comerciais xeradores de cartón ou papel poderán voluntariamente utilizar este servizo de recollida diúrna nas zonas comerciais da vila en que se implante e de acordo coas seguintes normas:

- a) As caixas de cartón deberán dobrarse e pregarse ao máximo para que ocupen o menor espazo posible e ser atadas para facilitar a súa recollida manual. En caso de ter papel, este deberá ser introducido en caixas de cartón ou en bolsas de papel, nunca en bolsas de plástico.
- b) Deberá depositarse este residuo diante da fachada de cada establecemento, en caso de que a ruta de recollida pase por diante del, ou nos puntos de achega definidos polo Concello para aqueles establecementos situados en rúas próximas á ruta.
- c) A disposición dos residuos na vía pública non poderá afectar ao tránsito de persoas ou automóviles e adoptaranse as medidas necesarias para evitar o seu impacto visual.
- d) O Concello fará públicos os horarios de depósito. Así mesmo, e en colaboración coas asociacións de comerciantes, realizará as oportunas campañas informativas.

##### 2.-Recollida de vidro de hostalería e restauración.

Unha vez que se implante a recollida porta a porta nos bares, cafeterías, pubs, discotecas e restaurantes xeradores de vidro, estes locais poderán voluntariamente utilizar este servizo de recollida nas rúas e zonas en que se implante consonte as seguintes normas:

- a) O vidro deberá depositarse en bidóns ou colectores autorizados polo Concello, procurando que a cantidade introducida non dificulte a recollida aos operarios de servizo.
- b) A recollida efectuarase nun horario en que estes establecementos permanezan abertos, de forma que os bidóns ou colectores sexan dispostos para a súa recollida por parte do persoal do establecemento e retirados ao interior inmediatamente despois de realizar o servizo.
- c) O Concello fará pública a relación de rúas incluídas neste servizo e os horarios de depósito. Así mesmo, e en colaboración coas asociacións representativas destes sectores, realizará as oportunas campañas informativas.

#### ARTIGO 31.-OUTRAS RECOLLIDAS ESPECÍFICAS DE RESIDUOS ORDINARIOS.

O Concello poderá establecer, directamente ou como resultado da sinatura de convenios de colaboración, recollidas específicas para xeradores singulares de fraccións residuais susceptibles de recollida selectiva.

## ARTIGO 32.-PROGRAMACIÓN DE SERVICIOS.

O Concello fará pública e divulgará coa suficiente antelación calquera modificación relativa á frecuencia, horario ou forma de prestación dos distintos servizos de recollida municipal, a excepción das disposicións ditadas pola Alcaldía en casos de emerxencia.

# TÍTULO IV.-XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS ESPECIAIS

## CAPÍTULO I.-VOLUMINOSOS

### ARTIGO 33.-CONCEPTO E CLASIFICACIÓN.

1.-Enténdense por tales os residuos domésticos integrados polos electrodomésticos, mobles, colchóns, somieres e utensilios vellos que proveñen das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda que polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais non poden ser retirados polo servizo de recollida convencional, sendo necesario un servizo de recollida específico. Quedan excluídos dos residuos anteriormente indicados os que como consecuencia dunha normativa de orde superior teñan regulada unha xestión ou recollida diferente.

2.-Clasifícanse en:

- Voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, neveiras e similares.
- Voluminosos de liña gris: televisores, ordenadores e similares.
- Voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e demais mobiliario e equipamento.

### ARTIGO 34.-XESTIÓN DOS VOLUMINOSOS.

1.-As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poderán solicitalo aos servizos municipais ou, no seu caso, a través da súa empresa concesionaria, acordando en cada caso e previamente os detalles da recollida, que se tratará de acomodar, na medida do posible, ás posibilidades do servizo e á dispoñibilidade do particular.

No punto limpo serán admisibles este tipo de residuos nas condicións de entrega que para iso se establezan.

2.-Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos na vía pública sen comunicación previa e confirmación por parte do Concello ou, no seu caso, empresa concesionaria do servizo. Tal feito será considerado como falta grave.

### ARTIGO 35.-SERVIZO ESPECIAL DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS.

1.-Este servizo, de balde, funciona os mércores, sen prexuízo da súa ampliación se as necesidades veciñais así o esixan.

2.-A recollida polo servizo municipal limitarase unicamente á cantidade de 1000 litros ou 300 Kg. de peso. Por enriba desta cantidade, procederase á eliminación por parte do propio produtor, a través de xestores autorizados.

3.-Non se permite o depósito daqueles elementos que para o seu manexo sexa necesario o emprego de medios mecánicos tales como guindastres, poleas, etc., ou aqueles que non están preparados para o seu inmediato traslado. Nestes casos, o seu propietario ou posuidor deberá xestionalos pola súa conta.

4.-O usuario do servizo colocará os residuos sobre a beirarrúa, ao lado dos colectores domiciliarios colectivos máis próximos e nos horarios acordados polo Concello; o Concello ou, no seu caso, a empresa concesionaria os retirará da rúa.

5.-Queda prohibido o abandono deste tipo de residuos na vía pública ou en soares ou terreos tanto públicos como privados, agás os que estean á espera de seren retirados polo servizo especial de

recollida.

6.-Calquera posuidor destes residuos que desexe utilizar o servizo deberá chamar ao Concello ou, de xestionarse o servizo de forma indirecta, ao teléfono de atención da empresa concesionaria do servizo indicando o seu nome, enderezo, teléfono de contacto e realizando unha descrición dos residuos que desexa depositar na vía pública.

7.-Os particulares, así mesmo, poderán proceder ao traslado polos seus medios ao punto limpo ou instalación intermedia fixa que se determine. O Concello poderá establecer unha taxa fiscal pola utilización deste servizo.

## CAPÍTULO II.-ANIMAIS DOMÉSTICOS MORTOS

### ARTIGO 36.- INCLUSIÓNS E EXCLUSIÓNS.

1.-Serán considerados animais domésticos mortos os cadáveres ou restos de animais de compañía, das especies canina e felina, así como doutras especies que convivan no fogar co mesmo obxecto.

2.-Quedan excluídos desta ordenanza os cadáveres ou restos de animais mortos procedentes de vacarizas, cortes, cuadras e currais de gando e aves; nestes casos, os seus propietarios ou posuidores están obrigados a xestionalos consonte o disposto na normativa correspondente.

### ARTIGO 37.-PROHIBICIÓNS E OBRIGAS.

1.-Queda expresamente prohibido:

a) Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais na vía pública, en soares e en calquera clase de terreo público ou privado.

b) Depositar cadáveres de animais nos colectores de residuos ou nos de obras, e nas súas proximidades, así como nas papeleiras.

c) Inhumar cadáveres ou restos de animais ou realizar calquera práctica de soterramento animal en todo o termo municipal, exceptuando os casos e nas condicións reguladas por normativa de rango superior.

d) Incinerar a título particular cadáveres de animais.

2.-Deberá comunicarse o Concello o achado dun animal morto na vía pública, ben a través da Policía Local ou mediante aviso ao Departamento de Medio Ambiente.

### ARTIGO 38.-XESTIÓN DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS MORTOS.

1.-O Concello prestará o servizo de retirada de animais ás persoas ou entidades que desexen desprenderse de animais mortos, cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou catividade e se refira a un só exemplar e sempre que a prestación do servizo se solicite de maneira illada e esporádica. O propietario fará solicitude ao servizo municipal, que procederá á súa recollida, transporte e eliminación a costa do interesado, e o importe será regulado mediante a correspondente ordenanza fiscal.

2.-Exclúense da prestación do servizo o caso de explotacións gandeiras ou industriais. Neste caso, será responsabilidade do propietario a súa eliminación polos medios especificados na normativa sanitaria vixente.

3.-Quen observe a presenza dun animal morto deberá comunicarlle tal circunstancia á Policía Municipal ou ao Departamento de Obras e Servizos, co fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias.

4.-A eliminación de animais mortos non exige en ningún caso aos propietarios da obriga de comunicar a baixa do animal e as causas da súa morte cando así o estableza a normativa vixente que correspondese.

5.-Ante a necesidade de desprenderse de animais mortos, os propietarios solicitarán a prestación do servizo aos servizos municipais correspondentes, que concretarán os detalles da recollida, a presentación e o prezo, sen prexuízo de calquera outra forma de actuación que previamente fóra debidamente autorizada.

6.-Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de calquera especie, nos colectores de lixo, en calquera clase de terreos, así coma arroxalos aos ríos, lagoas, ou rede de sumidoiros, e igualmente, enterralos ou inhumalos en terreos de propiedade pública.

7.-A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades previstas na normativa de orde sanitario e medioambiental.

8.-Para a súa recollida, transporte ou eliminación, os cadáveres e restos de animais de compañía mortos deberán presentarse na forma que se estableza polo servizo municipal correspondente, ou concesionario do servizo. Poderase rexeitar algún cadáver ou resto se considera que é necesario adoptar determinadas medidas de prevención atendendo á causa da morte ou ao número de días transcorridos desde a súa morte.

### CAPÍTULO III.-DOS RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

#### ARTIGO 39.-FINS

As finalidades perseguidas son as seguintes:

- 1.-Reducir en orixe a xeración dos residuos da construción e demolición (RCD).
- 2.-Fomentar a utilización e a reciclaxe dos que se xeren, así coma outras formas de valorización.
- 3.-Asegurar que os destinados a operacións de eliminación reciban previamente un tratamento adecuado de reutilización, reciclaxe, e/ou valorización, todo isto coa finalidade de protexer a saúde das persoas e o medio ambiente.
- 4.-Maximizar a recuperación dos recursos contidos nos RCD, contribuíndo a un desenvolvemento sostible da actividade.
- 5.-Potenciar a separación en orixe.

#### ARTIGO 40.-ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.-Inclúense no ámbito de aplicación deste capítulo os cascallos e residuos xerados en obras de derrubamentos, de construción, de escavación e nas obras menores que non precisen de proxecto técnico para a súa autorización e que se leven a cabo no termo municipal do Concello das Pontes.

2.-Quedan excluídos da regulación contida neste capítulo as terras e materiais procedentes da escavación e que vaian ser reutilizados noutra obra autorizada.

3.-Exclúense tamén os seguintes residuos:

- Residuos que segundo a lei se catalogan como perigosos.
- Aparellos domésticos, maquinaria e equipo industrial abandonado.
- Residuos industriais incluíndo lodos.
- Residuos procedentes de actividades agrícolas.
- Residuos contemplados na Lei 22/1973 de Minas.
- En xeral, todos aqueles residuos que segundo a lexislación vixente se clasifican como "especiais" atendendo ás súas características. En particular, Amiantos, PVC, Envases e envoltorios de materiais da construción.



#### ARTIGO 41.-DEFINICIÓNS.

Ademais das definicións contidas no artigo 3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, ou como complemento destas, entenderase por:

1.-Residuos da construción e demolición (RCD): aqueles residuos xerados como consecuencia de construcións, demolicións ou reformas que presentan as características de inertes, tales como terras, xesos, cementos, ladrillos, cascotes ou similares.

2.-Produtor de RCD: calquera persoa física ou xurídica propietaria do inmovible, estrutura ou infraestrutura que o orixina.

3.-Posuidor do RCD: a persoa física ou xurídica que execute a obra de construción e/ou demolición, tales como o construtor, os subcontratistas e os traballadores autónomos. En todo caso, non terán a consideración de posuidores de RCDs os traballadores por conta allea.

4.-Xestor de residuos: persoa física ou xurídica, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación, que realiza calquera das operacións que comprende a xestión, sexa ou non produtor dos mesmos.

5.-Xestión de residuos: a recollida, o almacenamento, a transferencia, o transporte, a valorización e o vertido dos sobrantes dos contidos nos RCD unha vez valorizados, incluída a vixilancia destas actividades, así coma o a vixilancia dos lugares de depósito ou vertido despois do seu peche, incluídas as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente.

#### ARTIGO 42.-FOMENTO DOS PRODUTOS RECICLADOS.

1.-O Concello adoptará no seu aprovisionamento de materiais, as medidas encamiñadas a facilitar a comercialización dos produtos derivados do reciclaxe dos RCD.

2.-Nos pregos de condicións que han de rexer a contratación de obras públicas, contemplarase o emprego de materiais reciclados do RCD, sempre que as características das obras o permitan.

#### ARTIGO 43.-REGULACIÓN XERAL.

O outorgamento de novas licenzas de obras levará aparelado o compromiso da xestión adecuada dos residuos de construción e demolición xerados nela e de cantas outras obrigas complementarias se establecen na Lei 22/2011 de residuos e na normativa de desenvolvemento.

#### ARTIGO 44.-RESPONSABILIDADE.

1.-O titular da licenza de obras será responsable das prescricións establecidas neste capítulo tanto no referente á produción, posesión e xestión dos residuos, como ao establecido en materia de limpeza.

2.-O titular da licenza como produtor ou posuidor dos residuos responderá solidariamente se os entrega a persoa física ou xurídica distinta dos xestores debidamente autorizados.

3.-Está obrigado a retirar en calquera momento, e sempre que sexa requirido pola autoridade municipal, as terras e RCD vertidos en lugares non autorizados.

#### ARTIGO 45.-PROHIBICIÓNS.

Prohíbese expresamente o depósito directo, abandono e vertido dos residuos de construción, demolición e de obras en xeral nos seguintes lugares:

a) Na vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, soares e terreos públicos que non foran autorizados expresamente para tal finalidade. A acumulación de materiais de obra e os almacenamentos temporais de materiais ou elementos mecánicos destinados á obra en calquera destes lugares deberán estar, así mesmo, expresamente autorizados e pagaranse as taxas fiscais correspondentes.

b) Terreos de propiedade particular, excepto nos casos en que o seu propietario ou posuidor

dispoña da obrigada autorización emitida por unha autoridade competente, que deberá acreditar ante a autoridade municipal. A falta de autorización, os propietarios ou posuidores responderán solidariamente cos causantes dos danos que o depósito, abandono ou vertido destes residuos poidan producir ao medio ambiente, así como do menoscabo da hixiene ou do ornato público.

c) Nos colectores de uso colectivo situados na vía pública.

#### CAPÍTULO IV.-OUTROS RESIDUOS ESPECIAIS

##### ARTIGO 46.-RESIDUOS DE PODA E XARDINERÍA.

1.-Os residuos orgánicos dos particulares derivados de operación de roza, sega e poda só poderán depositarse nos colectores situados na vía pública cando non superen os 60 litros (o equivalente a ¼ de capacidade dun colector verde situado na vía pública para uso colectivo). No punto limpo serán admisibles este tipo de residuos nas condicións de entrega que para iso se establezan.

2.-En casos nos que se poida producir situación de acumulación, o Concello poderá determinar un sistema específico de recollida, de obrigada utilización por parte dos interesados.

3.-Os propietarios e responsables de áreas verdes ou axardinadas con produción superior á cantidade especificada teñen a obriga de recoller e eliminar polos seus propios medios os restos de xardinaría, ou ben, solicitar do Concello a súa eliminación, que, de considerarse a dita petición e atendendo ao seu volume poderá asumir tal servizo, repercutindo neste caso no produtor os custos que ocasionen. Neste caso, o interesado solicitaralle ao Concello este servizo, e deberá especificar o detalle e características da recollida.

4.-No caso de áreas axardinadas públicas, o Concello promoverá a súa reutilización coma material de contribución por compostaxe ou técnicas afíns.

##### ARTIGO 47.-PILAS USADAS.

1.-As pilas usadas deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse:

a) Nos colectores específicos para este tipo de residuos situados en centros comerciais e centros colaboradores do Concello para este fin.

b) Nos colectores específicos situados na vía pública.

c) No punto limpo.

2.-Calquera establecemento comercial de venda de artigos que impliquen o uso de pilas, institucións públicas, centros educativos, asociacións e similares poderán solicitar ao Concello a súa consideración como centros colaboradores.

O Concello subministrará gratuitamente os colectores axeitados, que serán recollidos, unha vez cheos, logo do aviso telefónico ao Concello ou á empresa concesionaria do servizo.

##### ARTIGO 48.-MEDICAMENTOS.

Os restos de medicamentos, medicamentos caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos convencionais e depositarse:

a) Nos colectores especiais situados nas farmacias denominados "puntos SIGRE". A súa xestión é responsabilidade dese sistema integrado de xestión.

b) No punto limpo.

Os residuos especificados no apartado anterior, con orixe non domiciliaria serán eliminados polos produtores a través de xestores autorizados.

##### ARTIGO 49.-ACEITES USADOS.

1.-Os aceites usados de cociña ou da automoción poderán depositarse no punto limpo ata a cantidade establecida nesta ordenanza. Por enriba desta cantidade deberán xestionarse a través de xestores autorizados.

2.-Os establecementos de hostalaría poderán adherirse ao programa do Concello de recollida de aceites domésticos que, no seu caso, convenie o Concello cun xestor autorizado neste tipo de residuos, así como os mercados municipais, asociacións de veciños e colexios. Tamén poderán adherirse as comunidades de propietarios que así o acorden e contén cun espazo axeitado para o seu depósito.

3.-Os aceites vexetais consideraranse residuos domiciliarios cando a súa produción sexa esporádica e non superior a cinco litros. Por riba desta cantidade deberá xestionarse a través de xestores autorizados.

4.-En ningún caso se admitirá a entrega de aceites minerais nos puntos de depósito de aceites vexetais, e os usuarios do servizo deberán especificar, claramente, a procedencia deste residuo no momento da súa entrega. A mestura de calquera cantidade de aceite mineral co aceite vexetal fará adquirir a consideración de mineral ao conxunto.

#### ARTIGO 50.-RESIDUOS SANITARIOS.

1.-Enténdese por actividades sanitarias produtoras de residuos sanitarios as desenvolvidas en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros sociosanitarios, laboratorios de análises clínicas, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar, centros podolóxicos e calquera outro que teña relación coa saúde humana. Inclúense tamén as correspondentes a centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.

2.-Consonte a clasificación destes residuos e ao abeiro da actual normativa autonómica, os residuos de clase I serán considerados, para os efectos da súa xestión, como residuos ordinarios e deberán ser separados nas correspondentes fraccións de orgánico ou restos, papel-cartón e vidro para a súa recollida e posterior tratamento. Son residuos municipais e non requiren esixencias especiais de xestión nin dentro nin fóra do centro xerador. Este grupo de residuos inclúe materiais como cartón, papel, envases baleiros de plástico, vidro, metal, e materia orgánica, que normalmente se xeran en oficinas e despachos, cociñas, bares, restaurantes, comedores, talleres, xardinería, etc. É dicir, son os que non proceden directamente das actividades asistenciais.

3.-Os residuos sanitarios pertencentes as clases II, III e IV deberán ser directamente xestionados polos seus produtores ou posuidores a través dos correspondentes xestores autorizados.

#### ARTIGO 51.-OUTRAS TIPOLOXÍAS DE RESIDUOS.

O Concello, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con asociacións ou sistemas integrados de xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos especiais tales como téxtiles, aceites usados, teléfonos móbiles, madeira, etc., instalando colectores ou puntos de recollida e realizando as campañas informativas correspondentes.

#### ARTIGO 52.-VEHÍCULOS ABANDONADOS.

Os vehículos abandonados que, de acordo coa lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria adquiran a condición de residuo urbano, serán xestionados polo Concello consonte a normativa relativa á xestión de vehículos fóra de uso.

Os propietarios dos vehículos citados no parágrafo anterior deberán sufragar os custes derivados das operacións de limpeza da vía pública, de ser o caso, de recollida, traslado ao depósito municipal e ao centro autorizado de recepción e de descontaminación correspondente, todo isto sen prexuízo das sancións que lles puidesen corresponder.

#### CAPÍTULO V.-CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO

#### ARTIGO 53.-AMPLIACIÓN DO USO PÚBLICO CONFORME CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO.

Dotacións en proxectos de urbanización

1.-Os proxectos de urbanización incluírán necesariamente as dotacións de elementos precisos para a atención do servizo.

2.-Caso de recollida en vía pública, en colectores normalizados, a dotación de colectores normalizados non será inferior ás seguintes cantidades:

I. Colectores RSU: 1 ud/25 vivendas ou fracción.

II. Colectores bolsa amarela: 1 ud/50 vivendas ou fracción.

III. Colectores Papel- cartón: 1 ud/ 150 vivendas ou fracción.

IV. Colectores Vidro: 1 ud/ 150 vivendas ou fracción.

3.-O Concello indicarlle a localización concreta dos elementos ao promotor a través dos seus servizos de limpeza, baseándose na coordinación das necesidades do promotor e da eficiencia do servizo, e poderá solicitar, ademais, condicións especiais de delimitación das zonas de colectores, como pintado, elementos de suxeición ou sistema diferenciador dos espazos.

4.-Todos os colectores con rodas deberanse prever instalados cos correspondentes dispositivos suxeita colectores.

Non obstante o anterior, e por xuízo do Concello, cando as condicións de agrupación o permitan, poderase reducir o número real de aparellos suxeita colectores e instalar con baterías de colectores nos que se instalarán suxeita colectores nos colectores alternos, e sempre nos primeiro e último da serie.

5.-A instalación dos colectores iglú de papel e de vidro farase, sempre que sexa posible, de xeito solidario, en áreas de depósito, incluíndo, se é o caso, colectores de bolsa amarela e fracción resto, formando, deste xeito, illas de colectores.

6.-A instalación dos colectores realizarase sempre na banda de aparcamento cando exista previsión dela e, en caso negativo, sempre de xeito que sexa posible o acceso á zona de colectores dende os camións de recollida.

## CAPÍTULO VI.-PUNTO LIMPO

### ARTIGO 54.-CONSIDERACIÓNS XERAIS.

1.-O punto limpo é unha instalación municipal gratuíta destinada, fundamentalmente, ao depósito de determinadas tipoloxías de residuos municipais especiais, depositados pola poboación en xeral de forma voluntaria.

2.-O número e a situación dos puntos limpos é competencia do Concello, que terá en conta para iso os correspondentes estudos de viabilidade e funcionalidade destes.

3.-A xestión dos puntos limpos será realizada polo Concello directa ou indirectamente.

4.-Os residuos especiais a depositar provirán exclusivamente do ámbito domiciliario ou de pequenos produtores, non estando permitida a súa utilización para residuos especiais de medianos ou grandes produtores, que deberán xestionar estes residuos de conformidade coa normativa vixente, en especial toda a referida a residuos perigosos.

5.-En calquera caso, a entrega de residuos especiais nos puntos limpos non permite aos pequenos produtores de residuos perigosos o incumprimento das súas obrigas de xestión, a través de xestores autorizados, e da posesión dos documentos acreditativos de tal entrega a estes, conforme ao disposto na normativa galega.

6.-En ningún caso no punto limpo se entregarán aos seus usuarios xustificantes de entrega de residuos.

7.-O punto limpo dispoñerá dun Rexistro de Incidencias e Información interna recollida diariamente, permanecendo as mesmas en posesión do xestor durante os catro anos seguintes,

quedando en todo momento a disposición do Concello para a inspección dos residuos.

O rexistro de incidencias e información conterá os seguintes datos:

- a) Número de visitas diarias.
- b) Datos do posuidor ou produtor que entrega os residuos.
- c) Datos do vehículo que accede ao recinto, si fose o caso.
- d) Data e hora de acceso.
- e) Tipo de residuos aportados por visita.
- f) Cantidade de cada tipo de residuos.
- g) Incidencias.

A información do Rexistro remitirase anualmente ao Concello.

#### ARTIGO 55.-RESIDUOS ADMISIBLES NO PUNTO LIMPO.

Serán admisibles no punto limpo os seguintes residuos, debidamente separados e segundo as seguintes cantidades máximas estimativas:

TIPO DE RESIDUOS	CANTIDADES (por usuario e día)
METAIS	50 kg
XARDINERÍA	100 litros
ESCOMBRO	150 kg
RESTOS VEXETAIS	100 kg ou 2 m3
MADEIRA, MOBLES, UTENSILIOS	150 kg/ou unha unidade de peso superior/día
PAPEL E CARTÓN	20 kg
ACEITES VEXETAIS	20 litros
ACEITES DE MOTOR	20 litros
ELECTRODOMÉSTICOS	50 kg ou 1 unidade de peso superior
COLCHÓNS	50 kg ou 1 unidade de peso superior
RADIOGRAFÍAS	10 unidades
VIDRO	20 Kg
ENVASES LIXEIROS	10 kg
BATERÍAS DE VEHÍCULOS	2 unidades
PILAS (BOTÓN, ALCALINA, BATERÍAS MÓBILES)	500 g
AEROSOIS	10 unidades
FLUORESCENTES	6 unidades
PINTURAS	5 kg
MEDICAMENTOS	1 kg
ROUPA	10 kg
PLÁSTICOS	20 kg
TELÉFONOS MÓBILES	3 unidades
TRAPOS CONTAMINADOS	5 kg

Estas cantidades, e previo informe favorable do responsable do punto limpo, poderán ampliarse, tanto de pesos, como en unidades, en casos esporádicos de usuarios que por situacións puntuais, mudanzas, traslados e outros, xeren ocasionalmente un maior número de residuos. Non se permitirá, en ningún caso, que esta situación se de en casos repetitivos. Así mesmo, evitarase a picaresca de usuarios que depositen esas cantidades regulamentarias diarias, pero reiteradamente.

De calquera forma, cando exista limitación de espazo ou cando concorran circunstancias especiais que o xustifiquen ou así o posibilite ou determine a lexislación ambiental, o Concello das Pontes

poderá variar os tipos, frecuencias e as cantidades de residuos específicos que serán admisibles no Punto Limpo.

#### ARTIGO 56.-CONDICIÓNS PARA A ENTREGA.

1.-O traslado correrá a cargo do produtor ou posuidor, que poderá levar o automóbil ata o colector de depósito.

2.-Os residuos non deberán estar mesturados entre si nin con residuos ordinarios.

3.-O xestor do punto limpo poderá, por razóns xustificadas e debidamente documentadas no libro de incidencias da instalación, non permitir o depósito de residuos.

4.-O depósito dos residuos será realizado polo propio usuario das instalacións, segregando as fraccións nos colectores situados e identificados para o efecto.

5.-As instalacións terán un horario de apertura e peche que facilite o acceso dos usuarios ao punto limpo. O depósito de residuos no punto limpo será gratuito.

## **LIBRO II.-DA LIMPEZA VIARIA**

### **TÍTULO I.-DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA COMO CONSECUCENCIA DO USO COMÚN XERAL DOS CIDADÁNS**

#### ARTIGO 57.-OBXECTO.

1.-Este libro ten por obxecto regular, no ámbito das competencias do Concello das Pontes, as seguintes situacións, actuacións e comportamentos:

a) A limpeza da vía pública no que se refire ao uso común xeral cidadán e á limpeza de soares e terreos de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e a realización subsidiaria da limpeza de soares e terreos de titularidade privada.

b) A prevención do estado de sucidade no termo municipal producida como consecuencia das manifestacións públicas na rúa, e a limpeza dos bens de dominio municipais no que respecta ao seu uso común especial e privativo.

c) O mantemento do estado xeral de limpeza e ornato dos espazos públicos e dos bens de dominio público municipais.

2.-O deber de absterse de ensuciar, manchar e deslucir o medio encontra o seu fundamento no obxectivo de evitar a contaminación visual, e é independente e por tanto compatible coas infraccións, incluídas as penais, baseadas na protección do patrimonio, tanto público como privado.

#### ARTIGO 58.-COOPERACIÓN CIDADÁ.

1.-Tanto as persoas físicas como xurídicas do Concello das Pontes están obrigadas, no que atinxe á limpeza do municipio, a observar unha conduta encamiñada a evitar e previr a sucidade.

2.-Así mesmo, poderán poñer en coñecemento da autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presenciaren ou aquelas das que teñan un coñecemento certo.

3.-Será responsabilidade do Concello atender as reclamacións, denuncias e suxestións cidadás, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

#### ARTIGO 59.-OBRIGATORIEDADE DO CUMPRIMENTO.

1.-Todos os cidadáns e cidadás están obrigados ao cumprimento puntual desta ordenanza e de cantas disposicións complementarias con ela relacionadas dite en calquera momento o Concello.

2.-A autoridade municipal esixirá en todo momento o cumprimento inmediato desta ordenanza, esixindo a quen cause unha infracción, como medida cautelar, a corrección desta, sen prexuízo da

esixencia das responsabilidades que caiban.

3.-O Concello, por proposta dos servizos municipais correspondentes, poderá impor sancións, de acordo co réxime sancionador que se establece para este efecto, a quen, co seu comportamento, contraveña o disposto nesta ordenanza.

4.-O Concello poderá resarcirse do custo da reparación do dano no dominio público e a restitución do usurpado, con independencia da sanción que puidese corresponder, coa prestación de servizos en beneficio da comunidade.

#### ARTIGO 60.-SUBSIDIARIEDADE DOS TRABALLOS DE LIMPIEZA POR PARTE DO CONCELLO.

1.-O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza, recollida e transporte que segundo esta ordenanza corresponda efectuar directamente ás persoas físicas ou xurídicas, imputándolles o custo dos servizos prestados e sen prexuízo das responsabilidades que correspondan en cada caso.

2.-Nas mesmas condicións que no apartado anterior, o Concello poderá subsidiariamente levar a cabo traballos de mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, así como a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados.

3.-O Concello realizará a prestación dos servizos, en tódolos supostos previstos na presente ordenanza, mediante os procedementos técnicos e formas de xestión que en cada momento estime convenientes para os intereses do propio Concello.

#### ARTIGO 61.-REGRA XERAL.

1.-Todas as actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolvan, e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en cada caso poidan ser procedentes, esixen dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar que se ensucie a vía pública, así como a de limpar coa frecuencia adecuada a parte afectada desta e a de retirar os materiais residuais resultantes. Para este fin, a autoridade municipal poderá requirir á persoa responsable para que efectúe as accións de limpeza correspondentes.

2.-Naquelas vías públicas en que para realizar unha axeitada limpeza sexa necesario utilizar auga a presión, as persoas titulares dos locais e vivendas ou os seus ocupantes deberán poñer os medios necesarios para impedir a entrada desta ou os posibles danos e perdas nas súas propiedades.

#### ARTIGO 62.-CONCEPTO DE VÍA PÚBLICA E DE MOBILIARIO URBANO.

1.-Particularmente, a ordenanza é de aplicación en todos os espazos públicos da vila tales como rúas, camiños, avenidas, bulevares, travesías, calzadas, beirarrúas, prazas, paseos e zonas peonís, parques, zonas verdes ou axardinadas, fontes, estanques, pontes, túneles, pasarelas, soares, edificios públicos e demais espazos destinados ao uso do servizo do público de titularidade municipal, así como a construcións, instalacións, mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados naqueles.

2.-Os espazos públicos ou elementos ao servizo da cidadanía situados na vía pública que non sexan de responsabilidade municipal deberán ser obxecto de limpeza, conservación e mantemento por parte dos seus titulares administrativos, salvo que se dispoña outra cousa ao respecto nos oportunos acordos ou convenios de colaboración.

3.-Enténdese por mobiliario urbano os bancos, papeleiras, xogos, fontes, farois, árbores, sinalizacións, colectores de residuos urbanos, estatuas, esculturas, xardineiras, soportes publicitarios, quioscos, marquesiñas e demais elementos colocados polo Concello na vía pública.

4.-O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farolas e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

a) Bancos:

Non se permite o uso inadecuado dos bancos, ou todo acto que prexudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrancar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dous metros os que non estean fixados ó chan, agrupalos de forma desordenada, realizar inscricións ou pinturas. As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes, nos seus xogos, depositen sobre os bancos area, auga, lama ou calquera elemento que poida ensucialo e manchar ós usuarios dos mesmos.

b) Xogos infantís:

A súa utilización realizarase por nenos con idades comprendidas nos carteis anunciadores que a tal efecto se establezan, prohibíndose a súa utilización polos adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indique expresamente en cada sector ou xogo.

c) Papeleiras:

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras destinadas a tal fin. Queda prohibida toda manipulación de papeleiras (movelas, incendialas, voltealas, arrancalas), facer inscricións ou adherir pegatinas nas mesmas, así como outros actos que deteriorenen a súa estética ou entorpezan o seu uso normal.

d) Fontes e ríos dos lavadoiros públicos:

Queda prohibido realizar calquera manipulación nos canos ou elementos das fontes, que non sexan as propias da súa utilización normal.

ARTIGO 63.-ESPAZOS E INMOBLES PRIVADOS.

1.-As persoas propietarias de inmobles ou, subsidiariamente, as persoas usuarias, teñen a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e ornato público.

2.-É responsabilidade dos propietarios manter nas debidas condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público as beirarrúas, patios interiores de quinteiro, patios de luces, galerías comerciais, rúas e zonas verdes de urbanizacións privadas, soares e terreos e, en xeral, todas aquelas zonas de dominio e uso particular, en especial todas aquelas partes das edificacións ou instalacións visibles desde a vía pública, en especial, fachadas, entradas, escaleiras de acceso e medianeiras. Para estes efectos, os propietarios deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, revocado e estucado, cando por motivos de ornato público sexan necesarios ou así o ordene a Autoridade Municipal, previo informe dos servizos municipais competentes.

3.-Así mesmo, é obriga da propiedade do inmovle manter en condicións adecuadas as chemineas, baixantes e canles de auga, acometidas de saneamento, tellados, antenas de televisor, pararraios e calquera outra instalación complementaria.

4.-O Concello exercerá o control sobre estas obrigas e poderá esixir aos seus titulares a adopción das medidas necesarias. Así mesmo, poderá previo trámite de audiencia aos interesados, requiririlles que, no prazo que se sinale, realicen as obras ou reparacións necesarias advertíndolles que, en caso de incumprimento da orde de execución, se procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se é o caso, da apertura do correspondente expediente sancionador.

5.-No caso de ausencia dos propietarios e cando existan razóns de interese público, derivados das condicións de insalubridade dos terreos, o persoal acreditado do Concello poderá acceder á parcela e solicitará, de ser o caso, a previa autorización xudicial. Os servizos municipais imputarán aos propietarios os custos das operacións de mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados así coma cantas operacións fosen precisas para a conservación e mantemento de bens de natureza privada, así coma as que se deriven da devolución ao seu estado inicial e a sanción correspondente por incumprimento e abandono.

ARTIGO 64.-ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO.

Para a determinación das correspondentes obrigas de limpeza, mantemento, seguridade, salubridade, funcionalidade e ornato público dos denominados espazos privados de uso público,



estarse ao previsto na normativa que resulte dos correspondentes instrumentos de desenvolvemento do planeamento, ao previsto no proxecto de urbanización que resulte aprobado ou á licenza de obra concedida, no seu uso.

En defecto de previsión expresa, corresponderá aos seus titulares o cumprimento das obrigas sinaladas, facéndose cargo o Concello destas obrigas naquilo que se entenda que excede do seu uso normal e común.

#### ARTIGO 65.-USOS DA VÍA PÚBLICA.

1.-A sucidade da vía pública producida como consecuencia dos usos comúns e privativos será responsabilidade dos seus titulares.

2.-As persoas que sexan titulares de establecementos de venda directa ao público, sexan ou non fixos, tales como bares, cafés, quioscos, terrazas, postos de venda e similares, e en xeral de calquera actividade que xere sucidade na vía pública, están obrigadas a manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido á súa influencia.

3.-O Concello esixirá ás persoas titulares a que se refire o apartado anterior a colocación de recipientes adecuados (cinceiros...) para o depósito e retención dos residuos producidos polo consumo nos seus establecementos, correspondéndolles a limpeza e mantemento destes elementos.

4.-A estes titulares incúmbelles igualmente a obriga de limpeza dos residuos depositados na vía pública como consecuencia das operacións de venda no contorno de influencia do establecemento. Esta limpeza realizarase no prazo máximo dunha hora contada a partir do peche do establecemento ou punto de venda, con independencia de que en todo momento se mantexan as debidas condicións de limpeza e hixiene.

5.-De non se cumpriren estas obrigas, o servizo municipal procederá á súa recollida e transporte, imputando o custe destas prestacións á persoa interesada, independentemente das responsabilidades que caiban.

#### ARTIGO 66.-NOVAS URBANIZACIÓNS.

Nas novas urbanizacións non se realizarán os servizos que comprende a limpeza viaria, se proceden, así como os de conservación e mantemento, mentres non se acredite a obtención da correspondente licenza de primeira ocupación ou, se é o caso, da correspondente acta de recepción da urbanización.

No suposto contemplado no apartado anterior, a autoridade municipal competente, en exercicio das súas facultades, resolverá de acordo co interese cidadán.

En tanto a urbanización non sexa aceptada polo Concello, de conformidade coa normativa urbanística, as obrigas de mantemento e limpeza serán asumidas polo seu promotor e serán de aplicación todos os puntos especificados nesta sección; as urbanizacións de titularidade privada, deberán facerse cargo da eliminación dos residuos que puidesen ser amoreados nos colectores e asumirán o seu custo. Cando o interesado falte ás obrigas establecidas o Concello procederá á execución subsidiaria, pasando os custos da xestión precisa ao responsable.

Os proxectos de urbanización contarán, necesariamente, coa dotación dun número de papeleiras normalizadas sobre poste que non será inferior á maior cantidade resultante de: unha por cada 20 vivendas ou fracción, ou unha por cada 50 metros lineais de beirarrúa ou fracción. O modelo específico, así como a localización concreta dos elementos seralle indicado ao promotor polo Concello a través dos seus servizos de limpeza, e os criterios a ter en conta para a determinación serán os derivados da normalización dos elementos e a eficacia do servizo.

#### ARTIGO 67.-COMPETENCIA.

A competencia municipal en materia de limpeza viaria desenvolverase de acordo coa normativa aplicable e coas competencias asignadas ás áreas e servizos municipais, que se exercitarán no marco dos principios de coordinación e colaboración.

A Alcaldía ou, se é o caso, o órgano que teña delegada a competencia, poderá esixir de oficio ou

por pedimento de parte, a adopción das medidas cautelares e correctoras oportunas, ordenar cantas inspeccións considere necesarias e impoñer as sancións aplicables, no marco das súas competencias.

#### ARTIGOS 68.-PROHIBICIÓNS.

Queda prohibido na vía pública:

a) Depositar, arroxar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gasoso, que poida alterar as condicións de limpeza que esixe a estética do Concello, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares.

b) Abandonar na vía pública produtos do varrido e limpeza producidos por particulares.

c) A limpeza ou, de ser o caso, sacudida de alfombras, prendas ou calquera outro obxecto sobre a vía pública desde fiestras, balcóns ou terrazas, así coma arroxar calquera tipo de residuo á vía pública dende fiestras, terrazas, balcóns, aberturas exteriores, etc., dos edificios, vivendas ou establecementos, incluso en bolsas ou calquera outro recipiente.

d) O vertido de augas procedentes de limpeza de calquera tipo sobre a vía pública ou na rede de sumidoiros.

e) Evacuar á rede de sumidoiros calquera tipo de residuo sólido ou pastoso.

f) O lavado e limpeza de vehículos e calquera outra operación de mantemento destes, agás reparacións de emerxencia. Neste caso deberá procederse á limpeza da zona afectada.

g) Tirar cáscaras, papeis, gomas de mascar, cigarros, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.

h) Non se permite regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. A rega farase coa debida precaución e coidado para non causarlles molestias nin prexuízos aos cidadáns e de acordo co horario establecido nesta ordenanza.

i) Satisfacer as necesidades fisiolóxicas ou cuspir na vía pública.

j) Depositar nas papeleiras ou colectores de recollida de residuos cabichas de cigarros ou outras materias prendidas.

k) Dar de comer aos animais.

l) Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenza de animais.

m) Facer fogueiras, lumaradas ou queimas de calquera clase, salvo autorización expresa municipal para eventos sinalados, que indicará o lugar e as condicións en que estas accións se poden realizar.

n) Botar calquera tipo de desperdicio desde vehículos, tanto parados como en marcha.

o) As condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou dos bens.

p) Tirar ao chan ou depositar recipientes de bebidas como latas, botellas, vasos, ou calquera outro obxecto.

q) Realizar calquera clase de pintadas e inscricións, tanto na vía pública, coma sobre o mobiliario urbano ou sobre muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos e, en xeral, calquera elemento integrante da vila. Exceptúanse os graffitis realizados nos lugares expresamente autorizados para o efecto.

r) Abandonar mobles e enseres particulares.

s) Ter á vista do público nas aberturas das casas e barandas exteriores das terrazas, roupa tendida sucia ou lavada e calquera outra clase de obxecto que sexa contrario ó decoro da vía pública ou o mantemento da estética urbana.

#### ARTIGO 69.-NECESIDADES FISIOLÓXICAS.

Fundaméntase a regulación contida neste capítulo na protección da saúde pública e da salubridade, do dereito a gozar dun espazo público limpo e non degradado e no respecto polas pautas de convivencia cidadá e civismo.

1.-Prohíbese satisfacer necesidades fisiolóxicas en calquera dos espazos públicos.

2.-Será circunstancia agravante a realización da conduta descrita no apartado anterior cando se leve a cabo en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentado por menores ou cando se faga en monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.

#### ARTIGO 70.-RÉXIME DE SANCIONS.

1.-A conduta descrita no apartado primeiro do artigo precedente será constitutiva de infracción leve e sancionárase con multa de 100 a 300 euros.

2.-Constituirá infracción leve sancionada con multa de 301 a 750 euros a conduta descrita no apartado 2 do artigo precedente.

## **TÍTULO II.-DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA COMO CONSECUCENCIA DE ACTIVIDADES DIVERSAS**

#### ARTIGO 71.-REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA.

1.-Con carácter xeral, todas as actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolvan e, sen prexuízo das licenzas ou autorizacións procedentes, esixirán a quen as desenvolve a adopción das medidas necesarias para evitala, así como a limpeza da vía ou a parte dela que se vise afectada.

2.-Concluída a carga e descarga de calquera vehículo respectando as normas que para tales actividades se establecen, limparanse as beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos. Están obrigados ao cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou predios en que se fixera a carga e descarga.

3.-Prohíbese rebuscar, furgar e sacar elementos depositados nas papeleiras e recipientes instalados para os traballos de recollida de residuos e limpeza, salvo os traballos que se realicen no ámbito da prestación do servizo de limpeza.

#### ARTIGO 72.-OBRAS E TRANSPORTE DE TERRAS E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN.

1.-As persoas que realicen obras na vía pública deberán adoptar as medidas necesarias de protección para evitar o deterioro desta, a sucidade, ou os danos a persoas ou bens.

2.-En especial, as superficies inmediatas de foxos, canalizacións e conexións realizadas na vía pública, deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais.

3.-A carga e descarga de materiais de obra e de produtos de derruba, deberá realizarse mediante tubos ou canalizacións de características axeitadas para impedir que se emporque a vía pública e que se causen danos ás persoas e ás cousas.

4.-Queda prohibido depositar na vía pública, non acoutada para a obra, todo tipo de materiais, incluídas terras, areas, gravas ou calquera elemento mecánico de contención ou escavación non expresamente autorizado.

5.-O titular da licenza de obra, construtor ou contratista, promotor ou propietario de calquera obra, e as empresas propietarias dos colectores de obras se estes estivesen na vía pública, serán

responsables solidarios da falta de limpeza desta ou da parte que se ensucie como consecuencia das obras e de retirar os materiais vertidos. Debe procederse ao cumprimento desta obrigación diariamente e unha vez finalizada calquera operación de carga, descarga, saída ou entrada de vehículos ao lugar da obra. Así mesmo, serán responsables de asegurar a carga que se transporte nos vehículos e de proceder á limpeza das rodas ou de calquera parte do vehículo susceptible de producir sucidade na vía pública.

6.-O transporte de materiais susceptibles de produciren po ou de ensuciar a vía pública farase cubrindo a carga. Deberanse, asemade, adoptar as medidas necesarias para evitar que estes materiais se depositen na vía. A carga de materiais non debe exceder os extremos superiores da caixa do camiión nin se poderán utilizar suplementos adicionais para aumentar a capacidade de carga dos vehículos.

7.-Prohíbese o transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o seu vertido na vía pública, así como a limpeza das formigoneiras na vía pública. Deste incumprimento serán responsables o propietario e o condutor do vehículo, e quedan obrigados á limpeza do formigón que se verta e da vía pública afectada, sen prexuízo das sancións que correspondan.

8.-Queda, así mesmo, prohibida a circulación de vehículos de transporte se as súas condicións xerais non garanten que non se produza a perda de parte da carga no seu tránsito polo termo municipal. Desta obriga é responsable o condutor do vertido e, subsidiariamente, o propietario deste se hai relación de dependencia laboral co anterior, estando obrigados á limpeza da vía pública afectada e á reparación dos danos causados sen prexuízo das sancións que correspondan.

#### ARTIGO 73.-LIMPEZA DE ESCAPARATES, TOLDOS E DEMAIS ELEMENTOS DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS.

Deberanse adoptar as medidas de seguridade necesarias para evitar a sucidade da vía pública. Se non é posible evitalo, procederase á limpeza da vía pública ou da parte desta que se ensuciase, sen prexuízo da obriga de solicitar as autorizacións pertinentes naqueles casos en que sexa necesaria a ocupación da vía pública ou do voo sobre esta. Será responsable das obrigas contidas neste artigo o titular da actividade.

#### ARTIGO 74.-QUIOSCOS E TERRAZAS.

Os titulares de quioscos, terrazas, bares, restaurantes, postos de venda ambulante e demais establecementos que desenvolvan a súa actividade na vía pública están obrigados a manter estes e o espazo en que desenvolven a súa actividade en perfecto estado de limpeza e a dispoñer nos seus locais de papeleiras, cinceiros ou outros elementos de contención para a recollida dos residuos que xeren.

#### ARTIGO 75.-MERCADOS E FEIRAS.

Os titulares da autorización municipal para o exercicio de actividades na vía pública tales como mercados, feiras de diversa índole, circos, etc., deberán velar en todo momento para que o espazo público en que desenvolven a súa actividade e o seu contorno próximo nun radio mínimo de cinco metros non se ensucien e os seus elementos urbanos ou arquitectónicos non se deteriorenen, quedando obrigados, se é o caso, á correspondente reparación, reposición, limpeza, etc. Deberán constituír unha fianza en metálico ou un aval bancario para responder deste incumprimento. Se o custo fose superior á fianza esixida, o titular da autorización deberá abonar a diferenza.

#### ARTIGO 76.-TALLERES E APARCADOIROS.

Os titulares de talleres ou actividades de reparación, mantemento e limpeza de vehículos, os de pasaxes e aparcadoiros, así como, de existir, os concesionarios de aparcadoiros públicos, deberán manter limpas as beirarrúas e ramplas de acceso a eles, en especial no referente a graxas, aceites e carburantes. Igual obriga incumbe aos titulares de espazos públicos reservados para o estacionamento de camiións, camionetas ou alugamento de vehículos e similares.

#### ARTIGO 77.-ACTOS PÚBLICOS.

1.-Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma.

2.-A efectos da limpeza do Concello, os organizadores terán a obriga de informar ó Concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza que, previsiblemente, lles puidese corresponder efectuar a consecuencia da sucidade que se derivase da celebración do devandito acto.

#### ARTIGO 78.-HORARIOS PARA AS ACTIVIDADES DE LIMPEZA.

1.-O horario autorizado para regar as plantas será dende as 22.00 horas ata as 8.30 da mañá seguinte.

2.-O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venta, será dende as 07.00 horas ata as 11.00 da mañá, e dende as 19.00 horas até as 22.00 horas.

3.-A limpeza xeral e terrazas na vía pública, veladores, e demais elementos de establecementos públicos ou de hostalaría, farana as persoas interesadas, no prazo dunha hora contada a partir da hora de peche do establecemento, con independencia de que en todo momento se manteñan as debidas condicións de limpeza e hixiene na vía pública.

4.-A Alcaldía poderá autorizar, en casos excepcionais, modificacións nos horarios establecidos neste artigo.

### **TÍTULO III.-LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA EN RELACIÓN COA UTILIZACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS**

#### ARTIGO 79.-AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

1.-Para efectos de salvagardar a limpeza e ornato nos espazos públicos, a colocación de carteis, pancartas, bandeirolas, e calquera outra actividade publicitaria das reguladas no presente capítulo, está suxeita á previa autorización municipal da Alcaldía. A carencia desta dará lugar á imposición de sancións. Serán considerados responsables as empresas ou particulares distribuidores dos elementos, e, na súa ausencia, os propios anunciantes.

#### ARTIGO 80.-DEFINICIÓNS DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

Para os efectos da presente ordenanza, entenderanse:

1.-Por rótulos, os anuncios fixos ou móbiles feitos mediante pintura, ou calquera outro material destinados a conferirilles unha longa duración.

2.-Por carteis, os anuncios de gran formato (impresos, pintadas ou escritos) sobre papel ou outro material de escasa consistencia; se son de formato reducido, os carteis terán a consideración de panfletos ou folletos.

3.-Por pancartas, os anuncios publicitarios de gran tamaño, situados ocasionalmente na vía pública por un período non superior a un mes, coincidindo coa celebración dun acto público.

4.-Por pintadas, as inscricións manuais realizadas na vía pública, sobre muros ou paredes, ou sobre calquera elementos estruturais ou de mobiliario urbano.

5.-Por bandeirolas, os anuncios publicitarios de pequeno tamaño e que, como colgantes, se soen dispor suxeitos a un elemento común que na maioría dos casos se apoia en partes de edificios ou mobiliario urbano.

6.-Por adhesivos, os impresos dotados de material adhesivo nunha das súas caras, que poden aplicarse directamente en calquera outro elemento sólido.

#### ARTIGO 81.-REQUISITOS NOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

1.-A concesión da autorización municipal para os elementos publicitarios anteriormente definidos, levará implícita a obriga para o solicitante de limpar os espazos da vía pública que se ensuciasen e a de retirar dentro do prazo autorizado, todos os elementos publicitarios que se empregasen e os seus correspondentes accesorios.

2.-Os rótulos situados en fachadas de edificios incluídos nos catálogos do Patrimonio Histórico Artístico, ademais de requirir autorización municipal, deberán ser de material e construción acorde coa fachada e o contorno.

3.-Para a colocación ou distribución na vía pública dos ditos elementos publicitarios, o Concello poderá esixir a constitución de fianza pola contía correspondente aos custos previsibles de limpar ou retirar do espazo público os residuos ou elementos que puidesen causar sucidade ou infrinxir as autorizacións municipais concedidas, sen prexuízo das sancións a que dese lugar.

4.-En todo caso, o beneficiario da autorización estará obrigado ó mantemento dos elementos publicitarios en condicións hixiénicas, estéticas e de seguridade. Rótulos, carteis, pancartas e pintadas respectarán a estética dos soportes en que se empracen.

5.-O Concello poderá colocar paneis de comunicación social en zonas da vila que permita e facilite a colocación de carteis polo tecido asociativo da vila.

#### ARTIGO 82.-PROHIBICIÓNS.

1.-Prohíbese a colocación de carteis, pancartas, bandeirolas ou adhesivos en espazos e propiedades municipais ou da súa competencia, a excepción de aqueles nos que expresamente sexan autorizados polo Concello.

2.-Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas no presente capítulo nos edificios catalogados polo planeamento urbanístico, cualificados ou inventariados como histórico-artísticos ou pertencentes ao Patrimonio Cultural, e nos asimilables. Exceptuaranse as pancartas ou rótulos que fagan referencia ás actividades que teñan lugar no edificio, ou se refiran a obras de conservación, reforma ou rehabilitación destes, respectando en todo caso as posibles previsións que ao respecto se establezan no planeamento municipal.

3.-Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, báculos, iluminación pública e colectores de lixo, os promotores e beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición, o incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción pertinente, así como á obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte ensuciada.

4.-A colocación de carteis e adhesivos nos paneis, columnas ou soportes publicitarios municipais precisará da correspondente autorización municipal.

5.-Queda prohibido esgazar, arrincar e/ou tirar á vía pública carteis, anuncios ou pancartas.

#### ARTIGO 83.-SUPOSTOS EXCEPTUADOS.

1.-A colocación de pancartas e bandeirolas na vía pública, soamente se autorizará:

- a) En período de eleccións políticas.
- b) En período de festas populares e tradicionais.
- c) Nas situacións expresamente autorizadas pola autoridade municipal.

2. A Alcaldía regulará en cada caso as condicións en que poderán empregarse os espazos que para tal fin destine o Concello, e a tramitación necesaria para solicitar a correspondente autorización.

3. A solicitude de autorización para a colocación de pancartas ou bandeirolas, deberá recoller:

- a) As dimensións das pancartas ou bandeirolas.
- b) Os lugares onde se pretenden instalar.
- c) O tempo que permanecerán instaladas.
- d) O compromiso do responsable de retiralas e de reparar os danos causados na vía pública ou aos seus elementos estruturais, e de indemnizar os danos e perdas que puidesen ocasionarse como

consecuencia da súa colocación.

e) Xustificante de subscrición de póliza de seguro de responsabilidade civil ilimitada, que cubra os riscos que se puidesen derivar da súa instalación.

#### ARTIGO 84.-REQUISITOS.

1.-As pancartas ou bandeirolas suxeitas aos elementos estruturais da vía pública, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) As suxeitas a farois: A suxeición farase única e exclusivamente nun máximo de dous puntos nos seus extremos. Os elementos de suxeición non poderán ser metálicos.

b) As pancartas terán unha superficie perforada suficiente para poder minorar o efecto do vento e, en todo caso, esta superficie perforada non será inferior ao 25% da superficie das pancartas.

c) En calquera caso, a altura mínima de colocación, medida no punto máis baixo, será de 5 m cando se atravesese a calzada, e de 3 m en beirarrúas, paseos e outras zonas peonís.

#### ARTIGO 85.-RETIRADA.

1.-As pancartas e bandeirolas deberán ser retiradas polos responsables da súa colocación tan axiña como caducase o prazo para o que foron autorizados. De non facelo así, retiraranas os servizos municipais, e imputaráselles aos responsables os custos correspondentes ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición das sancións a que dese lugar.

2.-A colocación de pancartas e bandeirolas na vía pública sen autorización dará lugar á imposición de sancións aos responsables pola autoridade municipal.

### **TÍTULO IV.-DAS PINTADAS**

#### ARTIGO 86.-PROHIBICIÓNS.

1.-Prohíbense toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, rúas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo da vila.

2.-Serán excepción, en relación co apartado 1 anterior:

a) As pinturas murais feitas sobre os valados dos terreos edificables, peches de obra, paredes medianeiras vistas e elementos con carácter provisorio, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

b) Aquelas feitas sobre elementos expresamente dispostos para este fin polo Concello.

3.-En calquera momento, a través dos servizos municipais correspondentes, o Concello poderá proceder ao borrado ou eliminación das pintadas, tanto se dispoñen de autorización, coma se non a tivesen.

4.-Será responsabilidade das persoas propietarias dos edificios, muros, ou elementos en xeral, a limpeza das pintadas realizadas sobre eles, aínda que non estean relacionados coa autoría, e con independencia das posibles reclamacións ou denuncias que poidan interpoñer contra os seus autores.

### **TÍTULO V.-DA DISTRIBUCIÓN DE PANFLETOS OU SIMILARES**

#### ARTIGO 87.-PUBLICIDADE ESCRITA.

1.-Prohíbese espallar e arroxar sobre a vía pública toda clase de panfletos, textos impresos ou materiais similares. Exceptuaranse as situacións que en sentido contrario autorice a Alcaldía.

2.-Os servizos municipais correspondentes procederán a limpar a parte do espazo urbano que se vise afectado pola distribución ou dispersión de panfletos ou folletos, e imputaráselles aos

responsables o custo dos servizos extraordinarios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

3.-A distribución de publicidade nos edificios deberá facerse utilizando os medios con que contén estes. Prohíbese de xeito expreso a distribución de publicidade que implique, dalgún xeito, o amoreamento temporal na vía pública ou na parte exterior ás portas dos portais de entrada aos edificios.

## **TÍTULO VI.-DOS TERREOS DE PROPIEDAD PRIVADA**

### **ARTIGO 88.-OBRIGAS XENÉRICAS.**

1.-Os propietarios de terreos situados no termo municipal deberán mantelos limpos, libres de desfeitos, maleza e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, evitando que as augas de escorrentas e as ramas das árbores afecten ao espazo público. Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas.

2.-Nos soares sen edificar o Concello poderá ordenar o peche perimetral cunha valla de características que determinará o propio Concello cando se detecte que a ausencia do dito peche provoca a súa utilización coma espazo de amoreamento de residuos ou ocasiona menoscabo do ornato público.

3.-A limpeza e roza de terreos mediante a utilización de segadoras ou doutros elementos mecánicos deberá realizarse procurando non importunar a tranquilidade dos veciños.

### **ARTIGO 89.-TITULARIDADE.**

Para os efectos desta ordenanza, salvo proba en contra e sen prexuízo da inscrición contida no Rexistro da Propiedade, considéranse propietarios dos terreos os titulares catastrais. En caso de discrepancia entre o titular catastral e o que conste inscrito no Rexistro da Propiedade, terase en conta a titularidade que resulte do Rexistro.

En caso de que o propietario do terreo resulte descoñecido ou ben que, intentada a notificación a este, resulte imposible a súa práctica, por motivos de interese público, o Concello poderá proceder á limpeza, repercutindo, se é o caso, ao propietario o custo que tal actuación xere.

### **ARTIGO 90.-COMPROBACIÓNS.**

A Policía Local, poderán inspeccionar de oficio ou por pedimento dun particular os terreos do termo municipal para os efectos de comprobar o disposto nos artigos anteriores.

### **ARTIGO 91.-PROCEDIMENTO.**

O Concello, nos supostos recollidos neste título e logo do trámite de audiencia aos interesados, requiriralles que, no prazo que se lles indique, realicen as obras ou operacións necesarias para manter os terreos nas debidas condicións de hixiene, seguridade, salubridade, ornato público, e, de ser o caso, valado.

O incumprimento da orde de execución municipal determinará a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se cómpre, da apertura do correspondente expediente sancionador.

En caso de emerxencia debidamente acreditada, o Concello poderá proceder á limpeza e á adopción das medidas provisionais oportunas, sen prexuízo dos trámites de execución seguintes e das sancións que correspondan.

### **ARTIGO 92.-DA LIMPEZA DAS ZONAS PRÓXIMAS ÁS MASAS FORESTAIS.**

Os propietarios das masas forestais e dos terreos lindantes con estas estarán obrigados a adoptar as medidas de prevención de incendios forestais establecidas na normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación nesta materia.

## **TÍTULO VII.-DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS NA VÍA**



## **PÚBLICA**

### ARTIGO 93.-CONCEPTO.

Considéranse animais domésticos os afectados pola Ordenanza municipal reguladora dos animais de compañía.

### ARTIGO 94.-OBRIGAS DOS PROPIETARIOS OU POSUIDORES.

1.-Equipamentos especiais: O Concello poderá establecer equipamentos especiais para as deposicións dos animais de compañía, sinalar os lugares habilitados, instalando os elementos de contención axeitados, e os sinais preventivos e informativos precisos para o seu mellor uso.

2.-O condutor ou propietario do animal evitará que fagan as súas deposicións nas vías públicas dedicadas ao tránsito de peóns, dirixíndoo cara a rede de sumidoiros, e poderá optar por:

a) Recoller as deposicións de xeito hixienicamente aceptable, en bolsas axeitadas, e integralas dentro dos circuítos habituais de recollida de residuos.

b) Depositar os excrementos dentro de bolsas impermeables, perfectamente pechadas, nas papeleiras.

3.-Deben, así mesmo, limpar a parte da vía pública que puidese quedar sucia.

4.-Por motivo de salubridade pública, en ningún caso se permitirá que os animais realicen as súas dexeccións en zonas verdes, parterres, zonas terrosas e restantes elementos da vía pública destinados ó paso, estancia ou xogos dos cidadáns, nin que invadan estanques ou fontes públicas.

5.-Os propietarios son os responsables dos danos ou afeccións a persoas e cousas e de calquera acción que ocasione sucidade na vía pública por animais da súa pertenza.

6.-En ausencia da persoa propietaria, será responsable subsidiaria a persoa que conducise o animal no intre de producirse a acción.

7.-Ante a situación de que un animal causase sucidade na vía pública, e con independencia das sancións a que dese lugar, a autoridade municipal está facultada en todo momento para esixir do propietario ou condutor do animal a reparación de seguido da afección causada.

8.-A celebración de festas tradicionais e outros actos públicos que requiran a participación de animais, así coma os concursos, exposicións, e similares, de animais que se fagan en zona de dominio público, precisarán de autorización municipal co conseguente pagamento de taxas ou depósito de fianza para responder dos danos ou sucidade que puideran ocasionar por este motivo. Será obriga dos organizadores destes eventos limpar o ámbito de afección do servizo municipal, subsidiariamente, deixará a zona nas debidas condicións de limpeza. O Concello, con independencia da sanción a aplicar, deducirá da fianza depositada ou fará aboar os gastos que se deriven destes traballos.

### ARTIGO 95.-REQUIRIMENTO DA AUTORIDADE MUNICIPAL.

Os axentes municipais ou, se é o caso, o Servizo Municipal de Inspección Ambiental, están facultados para esixir ao propietario ou posuidor do animal o cumprimento das obrigas previstas nos artigos anteriores.

### ARTIGO 96.-LIMPEZA DOS ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA.

Queda prohibida a limpeza e o aseo de animais na vía pública, así como o abandono de animais mortos.

## **LIBRO III.-INFRACCIÓN E SANCIÓN**

### **TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS**

#### ARTIGO 97.-RESPONSABILIDADES.

1.-As accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta ordenanza xerarán responsabilidades administrativas, sen prexuízo das civís ou penais que, se é o caso, puidesen esixirse.

2.-As responsabilidades derivadas do incumprimento do disposto nesta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daqueles de quen se deba responder, consonte o disposto na lexislación vixente e nesta mesma ordenanza.

3.-Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.

4.-Cando os danos causados se produzan por acumulación de actividades debidas as diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que sexa posible coñecer o grao de implicación de cada unha.

5.-Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns, a responsabilidade esixirase á correspondente comunidade de propietarios ou aos habitantes do inmovible se esta non estivese constituída.

#### ARTIGO 98.-INSPECCIÓN.

Corresponde ao Concello, a través do persoal autorizado ou da Policía Local, a vixilancia para o cumprimento do disposto nesta ordenanza.

Ao abeiro da lexislación aplicable, os inspectores do Servizo de Inspección Ambiental gozarán, no exercicio das súas funcións, da consideración de axentes de autoridade e estarán facultados para acceder, sen previo aviso e tras ser identificados, ás instalacións en que se desenvolvan actividades reguladas nesta ordenanza.

Os cidadáns están obrigados a prestar toda a colaboración aos exames, controis, tomas de mostras, recollida de información, pescudas ou investigacións realizadas polos inspectores ambientais, co fin de permitir a recollida de información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

#### ARTIGO 99.-DENUNCIAS.

Calquera persoa poderá formular denuncias por condutas que poidan contravir o disposto nesta ordenanza.

Nas denuncias que se formulen deberá constar un relato dos feitos que puidesen constituír infracción, con expresión de lugar, data e hora, así como a identidade do denunciado, se fose posible, o nome do denunciante, o seu documento de identidade e un número de teléfono de contacto para posibilitar o labor do Servizo de Inspección ou da Policía Local.

As denuncias que formule o Servizo de Inspección estenderanse no correspondente boletín de denuncia ou acta de inspección, por triplicado, e entregarase un exemplar ao denunciado, se fose posible. A sinatura da acta por parte do denunciado non implicará, en ningún caso, conformidade cos feitos documentados nela.

As actas de inspección reunirán os requisitos establecidos na lexislación correspondente e gozarán de presunción de certeza para os efectos probatorios.

#### ARTIGO 100.-RÉXIME SANCIONADOR.

As infraccións contra esta ordenanza municipal serán sancionadas, logo da instrución do correspondente expediente, consonte os principios e procedementos regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, relativa ao réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### ARTIGO 101.-OBRIGAS DA RESTAURACIÓN, MULTAS COERCITIVAS E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA.

1.-Sen prexuízo da sanción que corresponda, os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración da realidade física alterada, na forma e condicións que determine o órgano que impuxo a sanción.

2.-A existencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posibles indemnizacións por danos e perdas, poderán facerse no propio procedemento sancionador ou, se é o caso, noutro complementario.

3.-Se os infractores non procedesen á reposición ou á restauración na forma e prazos sinalados no requirimento competente, poderase acordar a imposición de multas coercitivas reiterables por importe comprendido entre os 300 e os 6.000 euros.

4.-Así mesmo, nestes casos, e para os supostos de incumprimento dos requirimentos relativos á obriga de realizar obras ou outras operacións de limpeza, mantemento, conservación, ou xestión de residuos, o órgano competente para sancionar poderá acordar a execución subsidiaria por conta do infractor.

5.-Será potestade dos servizos municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando a súa persistencia dificulte o paso, a circulación ou sexa causa de afección grave ao medio ambiente, á limpeza ou ao estado da vía pública, ao funcionamento de servizos públicos ou actividades autorizadas e, en xeral, á saúde e seguridade de persoas ou dos bens públicos. Os gastos que ocasione tal retirada, traslado ou depósito correrán por conta dos que resulten acreditados como os seus propietarios ou posuidores.

#### ARTIGO 102.-TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.

En función das circunstancias de cada caso, por medio dun procedemento adicional de execución, o infractor sancionado ou o seu representante legal e o órgano sancionador poden convir de mutuo acordo que, tanto as sancións económicas, como a esixencia do importe dos danos e perdas causados, sexan substituídos por traballos en beneficio da comunidade.

Estes traballos serán fixados mediante resolución motivada, con expresión da súa duración e condicións.

Este procedemento adicional de execución será especialmente aplicable ás accións ou omisións constitutivas de actos vandálicos tales como subtraer, incendiar, romper, ou pintar o mobiliario ou os equipamentos urbanos destinados á xestión de residuos ou á limpeza viaria, á realización de pintadas ou inscricións en calquera elemento ou lugar non autorizados, así como á realización das necesidades fisiolóxicas na vía pública.

#### ARTIGO 103.-PRESCRICIÓN.

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción foi cometida e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se imponen.

## **TÍTULO II.-TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS**

#### ARTIGO 104.-INFRACCIÓNS.

1.-Sen prexuízo das condutas tipificadas como infraccións na lexislación xeral sobre residuos e outra normativa sectorial directamente aplicable, constitúen infraccións contra esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan no que nela está establecido.

2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o disposto nos artigos seguintes. No suposto de infracción expresamente sinaladas como leves salvo que, pola súa entidade, merezan a consideración de graves ou moi graves, os criterios para a súa clasificación estarán en función da intensidade:

- da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio de actividades por outras

persoas;

- da perturbación causada á salubridade ou ao ornato públicos;
- da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos;
- da perturbación ocasionada no normal funcionamento dos servizos públicos;
- dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos afectos a servizo público dun espazo público.

#### ARTIGO 105.-INFRACCIÓN LEVES.

1.-Considéranse infraccións leves todas aquelas condutas que non están tipificadas nesta ordenanza como graves ou moi graves.

2.-En xeral:

a) A realización de actos que ocasionen destrozos ou desperfectos ao mobiliario ou equipamento urbano destinado á xestión de residuos ou limpeza viaria.

3.-En materia de xestión de residuos municipais:

a) Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo municipal na vía pública, en lugares de baño, marxes dos ríos, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

b) Incumprir o establecido no artigo 9.3 en canto ás condicións de almacenamento de residuos municipais.

c) Realizar calquera das condutas prohibidas no artigo 11, a excepción da consistente na instalación de cremadores ou incineradores domésticos e trituradores conectados á rede de saneamento, que será considerada como grave.

d) Incumprir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, salvo que este incumprimento, pola súa entidade, mereza a cualificación de grave ou moi grave.

e) Incumprir as obrigas sinaladas nos artigos 25 (presentación dos residuos ordinarios), 14.1 (normas de utilización dos colectores), 24 (horarios), as normas de utilización de colectores e nos horarios que se podan establecer para produtores de residuos non domiciliarios de orixe comercial.

f) Realizar calquera das condutas sinaladas nos artigos 14.2 (prohibicións relativas ao uso de colectores).

g) Non respectar as normas do depósito, frecuencias e horarios establecidos que se podan establecer para as recollidas porta a porta.

h) Depositar voluminosos na vía pública sen a previa confirmación municipal e sen que excedan do máximo permitido.

i) Incumprir as obrigas relativas á disposición dos cadáveres dos animais domésticos mortos (artigo 38.8).

j) Depositar entullo en colectores de uso colectivo ou de uso exclusivo ou particular.

k) Depositar restos de podas en colectores de uso colectivo ou de uso exclusivo ou particular por enriba das cantidades máximas sinaladas no artigo 46.

l) Incumprir as normas relativas ás cantidades e condicións de entrega de residuos no punto limpo

(artigos 55 e 56).

4.-En materia de limpeza viaria:

a) Incumprir, os propietarios ou titulares, as obrigas sinaladas nos artigos 63 e 64, agás que pola súa entidade merezan a consideración de graves ou moi graves.

b) Realizar calquera das condutas sinaladas nos artigos 68 (Necesidades fisiolóxicas) e 69 (Prohibicións).

c) Non adoptar as medidas necesarias de protección para evitar o deterioro ou sucidade da vía pública, ou non proceder á súa limpeza en caso de actividades que se desenvolvan nela, agás que pola súa entidade merezan a consideración de graves ou moi graves (artigos 71, 72, 73, 74, 75, 76 e 77).

d) Limpar escaparates e elementos exteriores dos establecementos comerciais en horario non permitido (artigo 78).

e) Incumprir, os propietarios de terreos e zonas de dominio e uso privado, as obrigas xenéricas dispostas no artigo 88, salvo que este incumprimento, pola súa entidade, mereza a consideración de grave ou moi grave.

f) Incumprir, os propietarios ou posuidores de animais domésticos, as obrigas a que se refiren os artigos 94.2. 94.3 e 94.4.

g) O aseo ou limpeza dos animais na vía pública.

h) Colocar carteis, pancartas, bandeirolas, adhesivos en espazos e propiedades municipais ou da súa competencia, a excepción de aqueles nos que expresamente sexan autorizados polo Concello.

i) Realizar pintadas de calquera clase na vía pública, tanto sobre seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario, coma sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo.

k) Esparexer e tirar sobre a vía pública toda clase de panfletos, textos impresos ou materiais similares.

l) Arrancar ou rasgar carteis ou pancartas colocados en lugares autorizados.

ARTIGO 106.-INFRACCIÓNS GRAVES.

Terán a consideración de infracción grave as seguintes condutas:

1.-En xeral:

a) Realizar algunha das actividades que, no marco desta ordenanza precise de autorización administrativa, sen contar con ela ou téndoa caducada ou suspendida, así como o incumprimento dos condicionantes impostos naquela.

b) Non constituír ou renovar fianzas ou garantías cando resulten obrigatorias en función do disposto nesta Ordenanza.

c) A mala fe na entrega dos residuos ou a falta de información sobre as características dos residuos entregados.

d) Mover ou desprazar, sen autorización, elementos de mobiliario urbano situados na vía pública dedicados aos servizos de recollida de residuos ou de limpeza viaria como consecuencia da realización de obras nas súas proximidades.

e) Realizar actos vandálicos tales como subtraer, incendiar, romper, ou pintar mobiliario ou equipamentos urbano destinado á xestión de residuos ou á limpeza viaria, de forma que quede inservíbel para o seu uso ou cando o custo da reparación sexa superior en máis dun 30% ao seu

valor de mercado.

f) A obstrución ao exercicio da actividade inspectora.

g) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano, de infraccións leves da mesma natureza.

2.-En materia de xestión de residuos municipais:

a) Non adoptar as medidas requiridas a que se alude no artigo 2 no parágrafo segundo.

b) Entregar residuos municipais a terceiros non autorizados ou non inscritos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia.

c) Instalar crematorios ou incineradores domésticos ou trituradoras conectadas á rede de saneamento.

d) Incumprir a obriga de xestionar residuos no suposto do punto 1 do artigo 26.

e) Incumprir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, cando disto se derive risco ou perigo para a seguridade ou a saúde das persoas ou deterioro grave do medio ambiente.

f) Cando este prohibida, a utilización de colectores colectivos por parte produtores de residuos non domiciliarios de orixe comercial ou dos produtores residuos xerados en industrias similares aos xerados nos fogares, que teñan a consideración de medianos ou grandes produtores, cando sexan excluídos do servizo xeral de recollida de acordo co artigo 15.

g) Realizar calquera das condutas sinaladas no artigo 37 (animais domésticos mortos).

h) Mover ou desprazar calquera elemento de mobiliario urbano sen autorización expresa municipal para situar colectores de obra.

i) Utilizar o punto limpo para residuos non domiciliarios de orixe comercial.

j) Abandonar vehículos nos espazos públicos con incumprimento das condicións recollidas nesta ordenanza.

3.-En materia de limpeza viaria:

a) Incumprir, os propietarios ou titulares, as obrigas sinaladas nos artigos 63 e 64 cando non merezan a consideración de moi graves.

b) Incumprir, o titular, as obrigas de limpeza, mantemento e conservación sinaladas no parágrafo segundo do artigo 65.

c) Incumprir as obrigas relativas a obras e transporte de terras e materiais de construción sinaladas no artigo 72.

d) Transportar formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o vertido de formigón na vía pública así como limpar as formigoneiras na vía pública.

ARTIGO 107.-INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

1.-En xeral:

a) A reincidencia, no termo dun ano, na comisión dunha infracción grave da mesma natureza.

b) Falsear ou ocultar datos na obtención das autorizacións sinaladas nesta ordenanza para os

efectos da liquidación das correspondentes taxas ou prezos públicos.

2.–En materia de xestión de residuos municipais:

a) Non facilitar aos servizos municipais información sobre a orixe, cantidade ou características dos residuos que poidan ocasionar problemas na súa xestión, así como proporcionar datos falsos.

b) A falsidade ou ocultación de datos para a obtención das autorizacións sinaladas nesta ordenanza se fose susceptible de producir riscos para a saúde ou a seguridade das persoas ou bens municipais.

c) Incumprir os condicionantes impostos nas licenzas urbanísticas nos supostos do parágrafo segundo, do punto 2 do artigo 26.

d) Incumprir os condicionantes sinalados na autorización para a entrega ao depósito de residuos privados ao xestor do servizo.

### **TÍTULO III.–SANCIONES**

ARTIGO 108.–SANCIONES.

1.–As infraccións tipificadas consonte o disposto no título anterior serán sancionadas:

– As leves:

a) Multa de ata 750 euros;

b) Clausura temporal, total ou parcial das instalacións por un período máximo dun ano;

c) Cese temporal das actividades por un período máximo dun ano;

d) Apercibimento.

– As graves:

a) Multa de 751 a 1.500 euros;

b) Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período máximo de tres anos.

c) Cese temporal das actividades por un período máximo de tres anos.

– As moi graves;

a) Multa de 1.501 a 3.000 euros;

b) Clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións.

c) Clausura temporal non superior a seis anos.

d) Cese temporal das actividades por un período non superior aos seis anos.

2.–Ao abeiro do artigo 62.b) da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, as infraccións consistentes en depositar, abandonar, verter ou eliminar, de forma incontrolada, calquera tipo de residuos non perigosos, sempre que non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o ambiente, co incumprimento das normas de depósito e xestión sinaladas nesta ordenanza para as diferentes tipoloxías de residuos municipais, constitúen unha infracción grave que poderán ser sancionadas con multas de 603 ata 31.000 euros.

ARTIGO 109.–GRADACIÓN DAS SANCIONES.

As sancións imporanse atendendo aos seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, no termo dun ano, na comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarada por resolución firme.
- A intencionalidade.

Na imposición da sanción terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

#### ARTIGO 110.-PAGAMENTO DAS SANCIÓN.S.

As sancións poderán facerse efectivas desde o primeiro momento de recepción do boletín de denuncia.

O aboamento do importe da multa implica o remate do procedemento unha vez concluído o prazo para formular alegacións sen que se presentaran, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos correspondentes.

#### ARTIGO 111.-PUBLICIDADE.

O órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Quedan derogada a Ordenanza xeral de limpeza do Concello das Pontes de García Rodríguez, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 74, do 02 de abril, do 2002, e demais disposicións municipais que contradigan o disposto nela.